**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**
**Sesión do 23 de novembro de 2009**

**ASISTENTES:**
**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez
Dª Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D. Eudosio Álvarez Álvarez
Dª Mª Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

**Invitados:**

Dª Raquel Díaz Vázquez
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira
Dª Laura López Atrio

**NON ASISTEN:**

Dª María Jesús Lago Rey
Dª Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e sete minutos do día vinte e tres de outubro de dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1647).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 28 de outubro, extraordinaria e extraordinaria e urxente do 4 de novembro de 2009. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

**2(1648).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES: ALTA EXPTE. 2267/11. PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTES. 01/2838, 1/2545, 2296/03, 1899/03, 1708/02, 1270/03.**

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes proposta da traballadora social responsable do Programa, conformados pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Conceder a prestación do Servizo de Centro de Día para persoas maiores a Juan José Iglesias Ucha. Expte. 2267/11.

2º.- Conceder a prestación do Servizo de axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- Antonio Sánchez Gregorio. Expte. 2838/01.
- Enrique Santos León. Expte. 1/2545.
- Dolores Budiño Gómez. Expte. 2296/03.
- Francisco Crujeiras Pérez. Expte. 1899/03.
- Aurea Álvarez Comesaña. Expte. 1708/02.
- Mª Carmen Rial Fernández. Expte. 1270/03.

**3(1649).- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A INICIATIVAS DE SENSIBILIZACIÓN E EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO PROMOVIDAS POR ONGDS (2009). EXPTE. 48115/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 13.11.09, e de acordo co informe-proposta da secretaria da Comisión avaliadora constituía para a concesión das referidas subvencións, conformado polo xefe do Servizo da Área de Benestar Social e pola concelleira delegada de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

Conceder a subvención á asociación Solidariedade Internacional de Galicia (SIG) CIF G 36833648 para a realización do proxecto “Campaña Pobreza Cero 2009: por un pacto galego contra a pobreza”, a desenvolver durante os meses de novembro e decembro na cidade cun custo subvencionado de 8.000.- € o pago farase efectivo segundo o previsto nas bases con cargo á partida 3130.4890000 “subvencións asociacións, entidades.

**4(1650).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DUN SISTEMA DE CONTROL DE PRESENCIA PARA INSTALAR NAS DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 3914/113.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-xurídico do 21.08.09, o informe de fiscalización do 10.11.09, e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa

de Contratación, do 8.09.09, conformado polo Concelleiro-delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-lo gasto de 69.600 euros para a contratación do subministro dun sistema de control de presencia para instalar nas dependencias do concello de Vigo que se imputarán á partida 1217.626.00.00 do presuposto do ano 2009.

2º.- Aproba-lo expediente de contratación por procedemento negociado sen publicidade da subministración de dun sistema de control de presencia para instalar nas dependencias do concello de Vigo que contén o prego de prescripcións técnicas particulares de 20-04-2009 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de subministros por procedemento negociado sen publicidade de data 25-05-2009.

3º.- Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a solicitude de ofertas a tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

**5(1651).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DA SUBMINISTRACIÓN DE DÚAS AUTOBOMBAS PARA O SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS. EXPTE. 1063/213.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 30.10.09, conformado polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar definitivamente a Iturri S.A. o procedemento aberto para a contratación da subministración de dúas autobombas unha lixeira e outra pesada para o servizo de extinción de incendios (Expte. 1063-213) por un prezo total de 548.876,99 euros dos que 269.366,21 euros corresponden a autobomba lixeira e 279.510,78 euros corresponden a autobomba pesada e as seguintes características do contrato:

- Prazo de resposta en caso de avería menor de 24 horas os 365 días ó ano.
- Incrementa a potencia da autobomba urbana lixeira en 10 cv sendo a potencia total ofertada de 220 cv.
- Incrementa a potencia da autobomba urbana pesada en 10 cv sendo a potencia total ofertada de 290 cv.
- Aumenta o prazo de garantía en 5 anos sendo o prazo total o de 6 anos.
- Comprometese a entrega das seguintes melloras:
  - Un equip ode escarcelación.
  - 6 equipos autónomos Mod PSS /7000 de última xeración
  - Un xogo cocines neumáticos de alta presión.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e prego de condicións técnicas aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 08-06-2009 e a oferta presentada.

**6(1652).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DAS OBRAS DE SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA DA NAVE DO PARQUE CENTRAL DE BOMBEIROS. EXPTE. 1157/213.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o día 4.11.09, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar provisionalmente a empresa TERRAUGA, S.L., o procedemento negociado sen publicidade para a contratación de obras de substitución da cuberta da nave do Parque Central de Bombeiros (expediente 1157-213) por un prezo total de 125.761,23 euros IVE incluído (a cota correspondente o IVE é de 17.346,38 euros) e coas seguintes prestacións adicionais:

- Propón a execución das seguintes melloras, por un importe total de 12.000 €:
    - Subministro e instalación de dobre fiestra na zona de oficinas do Parque Central de Teis, valorada en 4.000 €.
    - Peche do foso de inmersión, valorada en 2.000 €.
    - Substitución de luminarias na zona de cocheiras, valorada en 6.000 €.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 15-06-2009 e a oferta presentada.

2º.- No prazo dos 15 dias hábiles seguintes a inserción no perfil do contratante do presente acordo, o adxudicatario provisional terá que presentar a seguinte documentación:

- A acreditativa de estar ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia. (respecto das do concello de Vigo se obterá de oficio pola administración).
- Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.

Esta proposta de adxudicación provisional se converterá en proposta de adxudicación definitiva sen necesidade dun novo acordo da mesa de contratación, se se presentan os documentos esixidos no apartado 2º da proposta.

**7(1653).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DO CONTRATO PARA O MANTEMENTO E REPARACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE CONTENERIZACIÓN SOTERRADA DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 2376/232.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o día 4.11.09, conformada polo interventor xeral e pola xefa do Servizo de Fiscalización, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar provisionalmente a empresa FORMATO VERDE, S.L., o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do mantemento e reparación das instalacións de contenerización soterrada do Concello de Vigo (expediente 2376-252) por un prezo total de 53.328,80 IVE incluído) sobre o que a empresa oferta unha redución porcentual dos catro prezos unitarios dun 5,00%, e coas seguintes prestacións adicionais:

- Incrementa os medios humanos á disposición do contrato respecto do requirido no prego de cláusulas administrativas particulares e aporta unha oficina técnica. A relación dos postos incrementados é a seguinte:

  - 1 enxeñeiro superior.
  - 1 responsable de calidade e medio ambiente.
  - 2 oficiais técnicos.
  - 1 axudante.
  - 4 técnicos en deseño.

- Aporta como melloras ó contrato as seguintes:

  - A implantación de cinco bombas de achique.
  - A unificación dos mandos a distancia.
  - A inspección visual semanal de todos os equipos.
  - O pintado dos buzóns sen custe.
  - O deseño en exclusiva para a Cidade de Vigo dun buzón segundo os criterios que os servizos técnicos municipais determinen.
  - Por ser a empresa instaladora da maioría dos equipos a manter, garantiza un stock suficiente de pezas de reposto cuns tempos de reparación mínimos.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 01-06-2009 e a oferta presentada.

2º.- No prazo dos 15 dias hábiles seguintes a inserción no perfil do contratante do presente acordo, o adxudicatario provisional terá que presentar a seguinte documentación:

- A acreditativa de estar ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia. (respecto das do concello de Vigo se obterá de oficio pola administración).
- Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.

Esta proposta de adxudicación provisional se converterá en proposta de adxudicación definitiva sen necesidade dun novo acordo da mesa de contratación, se se presentan os documentos esixidos no apartado 2º da proposta.

**8(1654).- DEVOLUCIÓN DE GARANTIA:**

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 11.11.09, a Xunta de Goberno local acorda devolver as seguintes fianzas, xa que os servizos e obras foron executados conforme ás condicións dos pregos que rexeron as contratacións e por trancorrer os prazos de garantía:

a) Devolver a Xegalia Galega de Xestión S.L. a fianza de 4.699,44 €, constituída para responder do servizo de dinamización xuvenil do Parque de Castrelos.Expte. 2984/241.

b) Devolver a Eulen S.A. a fianza de 13.466,88 € constituída para responder da Xestión da Escola infantil de Saiáns.Expte. 11080/332.

c) Devolver a Atlas Servicios Empresariales S.A. a fianza de 2.178,20 € constituída para responder do Servizo de atención ó público en centros cívicos. Expte. 3016/241.

d) Devolver a IMESAPI S.A. as seguintes fianzas 2.400 €, 1999,84 € e 1.320 € constituídas para responder da substitución de puntos de luz. Exptes. 2982/241, 2981/241, 2980/241.

e) Devolver a ORECO S.A. a fianza de 1.335 € constituída para responder do cambio de cuberta no edificio da Escola Municipal. Expte. 2950/241.

**9(1655).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DA VENDA DE 500 AXENDAS CON ELEMENTOS FOTOGRÁFICOS DOS FONDOS DO ARQUIVO PACHECO. EXPTE. 212/338.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Museos municipais, do 10.11.09, conformado polo concelleiro delegado da Área de cultura e Animación Sociocultural, conformado polo interventor xeral e pola xefa do Servizo de Fiscalización, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar á venda de 500 axendas, das 3000 editadas promovidas pola Concellería de Cultura e Animación Sociocutlrual con elementos fotográficos dos fondos do Arquivo Pacheco, a un prezo unitario de venda ao público de 14 €, impostos engadidos, reservando o resto da edición para as necesidades protocolarias das diferentes concellerías da Área de Tenencia de alcaldía interesadas en adquirilas.

2º.- Autorizar que a venda da mesma, se faga nas dependencias municipais dependentes da Área de Cultura e/ou Patrimonio Histórico axeitadas. Así Casa das Artes (350 ex.); Museo Verbum (100 ex.); e o Museo de Castrelos dependente de Patrimonio Histórico (50 ex.).

**10(1656).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR REALIZADOS POLO DEPARTAMENTO DE CULTURA NO MES DE OUTUBRO DE 2009. EXPTE. 11864/331.**

En cumprimento coa base 31 das de execución do presuposto, o concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, dá conta á Xunta de Goberno local da relación de expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Cultura durante o mes de outubro de 2009, que son os seguintes:

| Nº EXP. | CONCEPTO | DATA | PARTIDA | TIPO EXP. | NºRC | IM-POR-TE | PERCEPTOR | CIF/NIF |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *11765-331* | *Reparación da instalación do sistema de calefacción da Casa das Artes* | *06/10/09* | *2130000* | *Obra* | *56396* | *9.056,00* | *Celtgas sl* | *B36168086* |
| *11793-331* | *Traballos realizados en Biblioteca Central e Casa das Artes* | *01/10/09* | *2120000* | *Mante-men-to* | *48504* | *4997,01* | *Jose Manuel Muiños Rodríguez* | *36130547P* |
| *11794-331* | *Contratación dun concerto de Carmina Burana a celebrar o día 22 de novembro dentro do Festival de Música de Vigo Are More* | *06/10/09* | *2260803* | *Servizos* | *55887* | *20.300,00* | *Camerata Lírica S.L.* | *B85397230* |
| *11795-331* | *Contratación de catro funcións para escolares do espectáculo "A Frauta Máxica" a celebrar os días 23 e 24 de novembro dentro do Festival de Música de Vigo Are More 2009* | *05/10/09* | *2260803* | *Servizos* | *55889* | *10.625,60* | *Camerata Lírica S.L.* | *B85397230* |
| *11810-331* | *Contratación para realización de curso e concerto final dentro do Festival de Música de Vigo Are More 2009* | *13/10/09* | *2260803* | *Servizos* | *59478* | *1.500,00* | *Beatriz Montes Arribas* | *50712873N* |
| *11811-331* | *Contratación e rotulación de autobuses Vitrasa para campaña promocional do Are More 2009* | *13/10/09* | *2260200* | *Servizos* | *59471* | *6.913,60* | *Mario Ubiaga André* | *36105816W* |
| *11812-331* | *Colocación dunha placa homenaxe a Plácido Castro na rúa Reconquista* | *14/10/09* | *2270600* | *Servizos* | *60105* | *1.287,60* | *Galega de Carteis S.L.* | *B36778314* |
| *11814-331* | *Contratación do grupo Le Nuove Musiche co espectáculo Il Vero Orfeo para actuar o 23 de novembro ás 20,45 horas na Igrexa María Auxiliadora dentro do Festival de Música de Vigo Are More* | *15/10/09* | *2260803* | *Servizos* | *60109* | *15.277,20* | *Alejandro Arnaiz Méndez* | *36074726P* |
| *11815-331* | *Contratación da actuación de Multiplensemble coa representación Tierkreis a realizar o 24 de novembro ás 17,30 horas no Museo de Arte Contemporánea de Vigo no Festival de Música de Vigo Are More 2009* | *15/10/09* | *2260803* | *Servizos* | *60492* | *9.088,60* | *Alejandro Arnaiz Méndez* | *36074726P* |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *11816-331* | *Contratación da intérprete Reiko Hozu para realizar o espectáculo "Klavierstücke" o 24 de novembro ás 18 horas no Museo de Arte Contemporánea de Vigo dentro do Festival de Música de Vigo Are More 2009* | *15/10/09* | *2260803* | *Servizos* | *60860* | *4.506,60* | *Alejandro Arnaiz Méndez* | *36074726P* |
| *11817-331* | *Contratación dun concerto de Kenneth Weiss para interpretar as Variacións Goldberg dentro do Festival de Música de Vigo Are More* | *15/10/09* | *2260803* | *Servizos* | *60493* | *6.264,00* | *Adela Sánchez Producciones S.L.* | *B33504689* |
| *11818-331* | *Contratación dun concerto de Jonh Potter e Ariel Abramovich co espectáculo Music that her Echo is... a realizar o día 24 de novembro ás 20,45 horas na Igrexa María Auxiliadora dentro do Festival de Música de Vigo Are More 2009* | *15/10/09* | *2260803* | *Servizos* | *60861* | *9.541,00* | *Alejandro Arnaiz Méndez* | *36074726P* |
| *11819-331* | *Contratación de Isasi Quartett, Matthias Weber e Benedickt Koehlen para a realización do concerto "A Morte e a Doncela" a representar o día 26 de novembro ás 20,30 horas no Auditorio Martín Códax do Conservatorio Superior de Música de Vigo* | *15/10/09* | *2260803* | *Servizos* | *60867* | *17.052,00* | *Alejandro Arnaiz Méndez* | *36074726P* |
| *11834-331* | *Contratación de actividades complementarias dentro do Festival de Música de Vigo Are More 2009* | *29/10/09* | *2260803* | *Servizos* | *64904* | *3.793,60* | *Mario Ubiaga André* | *36105816W* |
| *11835-331* | *Contratación de necesidades técnicas e humanas para as actuacións en mercados e centros comerciais enmarcados dentro do Festival de Música de Vigo Are More 2009* | *28/10/09* | *2270600* | *Servizos* | *64898* | *5.220,00* | *Mario Ubiaga André* | *36105816W* |
| *11836-331* | *Contratación do servizo de venda de entradas presenzal e por internet do Festival de Música de Vigo Are More 2009* | *29/10/09* | *2260803* | *Servizos* | *64846* | *600,00* | *Román Martínez Bouzón* | *35939026P* |
| *11837-331* | *Elaboración dun proxecto de programación para o Festival de Jazz Imaxina sons 2010* | *29/10/09* | *2270600* | *Servizos* | *64845* | *1.500,00* | *Baldomero Martínez Campoy* | *32626010G* |
| *11839-331* | *Contratación do concerto de Ensemble S21 a celebrar o día 25 de novembro no Conservatorio Superior de Música de Vigo ás 20,30 horas dentro do Festival de Música de Vigo Are More 2009* | *29/10/09* | *2260803* | *Servizos* | *64841* | *4.00,2,00* | *Agma S.L.* | *B43522192* |
| *11842-331* | *Servizo megafonía para un acto o 24/10/09 no cemiterio de Pereiro* | *26/10/09* | *2260100* | *Servizos* | *4213* | *301,6* | *Fernando Rodríguez García* | *35990479X* |

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**11(1657).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN E AXUDAS PARA PROXECTOS DE AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA CORRESPONDENTES AO EXERCIZO 2009, AO ABEIRO DO CONVENIO ENTRE OIDAE E O INEGA. EXPTE. 1115/340.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director administrativo do Verbum, do 17.11.09, conformado polo concelleiro-delegado de Cultura, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Solicitar a subvención para a realización de “TRABALLOS TÉCNICOS DE ADECUACIÓN DO ALUMEADO DO VERBUM PARA A MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA”, en base ao disposto na Resolución de 21 de outubro de 2009, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións e axudas para proxectos de aforro e eficiencia enerxética correspondentes ao exercicio 2009 e ao abeiro do convenio subscrito entre o IDAE e o INEGA, o día 3 de xuño de 2009, consonte coas bases reguladoras da convocatoria publicada no DOG nº 213 do 30/10/2009, por un importe total de 14.981,40 €.

2º.- Aceptar as condicións e demais requisitos establecidos na devandita Resolución de 21 de outubro de 2009 (DOG nº 213 do 30/10/2009).

3º.- Comprometer, por parte do Verbum-Casa das Palabras, a realización da actividade obxecto desta subvención.

**12(1658).- MODIFICACIÓN DO PAGAMENTO DAS BOLSAS-AXUDAS PARA OS/AS PARTICIPANTES DO PROXECTO IMOS TRABALLAS PARA O MES DE DECEMBRO. EXPTE. 5919/77.**

Dáse conta do informe-proposta do director do Proxecto Imos Traballar, do 17.11.09, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, que di o seguinte:

*ANTECEDENTES.*

*O Proxecto IMOS TRABALLAR é unha iniciativa posta en marcha pola Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá que conta cunha axuda económica no marco da convocatoria 2007 de axudas do Fondo Social Europeo durante o período 2007-2013 da Secretaría do Estado de Cooperación Territorial, tendo como obxectivo xeral cubrir as necesidades en materia de emprego no Concello de Vigo, para poder acadar unha diminución das taxas de emprego e de xerar postos de traballo sostibles e de calidade. Estando dirixido á inserción laboral dos desempregados do área de Vigo, aínda que centrarase nos que teñan especiais dificultades de acceso a un emprego de calidade e de longa duración. Tendo como finalidade lograr a súa inclusión social a través da formación e a súa incorporación no mercado laboral.*

*A Xunta de Goberno Local na súa sesión do 15 de xuño de 2009, aprobou o procedemento de pagamento das bolsas-axudas para os/as participante dentro das accións formativas do Proxecto Imos Traballar (expdte. 5919 / 77). Para o cobro da bolsa-axuda o/a participante xustificará a súa situación de desempregado/a e a demostración que non cobra ningún tipo de axuda por estar nesta cir-*

*cunstancia. Estas axudas son compatibles coa percepción de prestación e de subsidio por desemprego, así como doutras axudas públicas, si ben a suma de todas elas non poderán superar o 75% do IPREM. No caso de que algún/ha participante demostre a súa situación de desemprego e cobre algún tipo de prestación, e non supere o 75% do IPREM, o proxecto IMOS TRABALLAR complementará o montante ata acadar o 75%.*

*Para o pago destas bolsas-axuda, dende a Dirección do Proxecto, remitirase a Intervención Xeral Municipal , antes do día 5 de cada mes a documentación relativa a asistencia dos cursos, que inclúe a certificación da asistencia as actividades de formación dos participantes e o informe das contías que se lles deben pagar en función da asistencia e segundo as circunstancias persoais.*

*Ademais no procedemento de pago aprobado establece que "xa que os participantes atópanse en situación de desemprego e que non cobran ningún tipo de prestación ou subsidio, sendo importante o cobro da bolsa-axuda para o seu sustento económico, faise necesario que o pago destas bolsas se faga a mes vencido dentro do listado de nóminas de persoal para evitar os atrasos no seu cobro".*

*En base ao o procedemento anteriormente exposto, o pago da mensualidade do mes de decembro de 2009 correspondería facela nos 5 primeiros días do mes de xaneiro de 2010. Ao coincidir esta xustificación co novo exercicio económico 2010, a tramitación da mensualidade de decembro de 2009 demoraría o seu pago ao menos o mes de marzo de 2010, pois habería que agardar a incorporación de remanentes.*

*Polo tanto, dende o Proxecto Imos Traballar, e para poder evitar este importante retraso na percepción da mensualidade do mes de decembro e atendendo as características do colectivo beneficiario do programa proponse a Xunta de Goberno Local , en virtude do artigo 127.1 (g) da Ley 7/1985 de 2 de abril de Bases Reguladora de Régimen Local :*

*Excepcionalmente nos meses de decembro das anualidades 2009 e 2010 poder realizar por adiantado o abono da bolsa-axuda do mes de decembro xunto coa de novembro. A mensualidade de xaneiro de 2010, quedaría para poder regularizar as diferencias que poidesen terse dado, descontando desta mensualidade as cantidades correspondentes aos días do mes de decembro de 2009 nos que non se tivera asistido á formación.*

Acordo
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**13(1659).- PLAN DE ACCIÓN DO RUÍDO NO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 6794/306.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Servizo de Medio Ambiente, do 18.11.09, conformado pola concelleira de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, que di o seguinte:

*A Directiva 2002/49/CE e a Lei 37/20036 do 17 de novembro do Ruído establecen a obriga para as aglomeracións urbanas de facer un Mapa de Ruídos que permita unha avaliación da contaminación acústica a que están expostos os cidadáns e consecuentemente o establecemento dun Plan de Acción que permita o control da contaminación acústica e a adopción de medidas correctoras axeitadas para reducilo sen impacto na poboación e o seu entorno.*

*Esta obriga establecese por períodos de cinco anos que supoñen unha actualización do Mapa de Ruídos, a avaliación dos resultados das medidas correctoras aplicadas a traverso do Plan de Acción e a actualización e adopción de outras novas por igual período no futuro.*

*Segundo os datos da Unión Europea, un 20% da poboación está sometido a niveis de ruído cientificamente inaceptables, polo que obriga a unha estratexia común de actuación establecendo o calendario de actuación en función do parámetro de poboación para o caso das cidades e aglomeración urbanas.*

*O 10 de marzo do pasado ano 2008 a Xunta de Goberno Local aprobou o Mapa de Ruídos de Vigo, cumprindo a obriga de remitilo ao Ministerio de Medio Ambiente, Rural e Marino xunto a outras dezaseis cidades de mais de 250.000 habitantes.*

*O devandito mapa foi elaborado en colaboración coa Universidade de Vigo, a empresa ACUSTICONTROL S.L., e a FUNDACIÓN LABEIN como a ferramenta necesaria para o establecemento do preceptivo Plan de Acción posterior no período 2009/2013.*

*De seguido e partindo dos datos de estudio dispoñible recollido no Mapa de Ruídos aprobado, a FUNDACIÓN LABEIN redactou o Plan de Acción como un requisito ineludible de actuación de actuación municipal de identificación das melloras e de estratexia a longo prazo.*

*O cumprimento dos obxectivo de calidade acústica para Vigo requiren o compromiso dos departamentos e axentes implicados na sua consecución, a definición de indicadores de seguimento e o desenvolvemento de tarefas de control para súa evaluación final e revisión, sendo de especial interese a consulta e participación de tódolos axentes implicados e da cidadanía en xeral.*

*Cómpre polo tanto integralo ruído na xestión municipal, reducilo impacto nas zonas mais afectadas e preservala zonas tranquilas.*

*O presente documento do Plan de Acción que se somete a consideración municipal para ser remitido dentro do presente exercicio ao Ministerio de Medio Ambiente, Rural e Marino, correspondese suficientemente co cumprimento da obriga legal para a súa aplicación e actuación municipal,polo que Proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*1- Tomar coñecemento do Plan de Acción do Ruído no concello de Vigo, encargado pola concellería de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo en cumprimento da normativa vixente ao respecto.*

*2- Someter a información pública o documento do Plan de Acción polo período dun mes dende a súa publicación no BOP, na Casa do Concello e na páxina municipal http://www.vigo.org de internet.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no preceden informe.

**14(1660).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 23.762,41 € A FAVOR DA EMPRESA SIMCO S.L. POLO MANTEMENTO DOS PARQUES FORESTAIS NO MES DE OUTUBRO DE 2009. EXPTE. 4870/446.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, de data 12.11.09, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, do 4.11.09, conformado pola concelleira-delegada de dito Servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar unha indemnización substitutiva a favor da empresa Simco S. L. polo mantemento dos Parques Forestais de Vigo durante o mes de outubro de 2009, por importe de 23.762,41 €.

2º.- Recoñecer a obriga a favor da empresa Simco S. L. por un importe de 23.762,41 € como consecuencia do mantemento dos Parques Forestais de Vigo e con cargo a partida orzamentaria 4326.210.00.01

**15(1661).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO PARA AS OBRAS DE RECUPERACIÓN DE PISTA DEPORTIVA EN RÚA VERDEROL. EXPTE. 4883/446.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta do xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, do 17.11.09, conformado pola concelleira-delegada a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o Plan de Seguridade e Saúde no Traballo para as obras de "Recuperación de pista deportiva en rúa Verderol".

**16(1662).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO PARA AS OBRAS DE REFORMA DE PARQUE EN PRAZA MARUJA MALLO. EXPTE. 4884/446.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta do xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, do 17.11.09, conformado pola concelleira-delegada a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o Plan de Seguridade e Saúde no traballo para as obras de "Reforma do parque en Praza Maruja Mallo".

**17(1663).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DURANTE O MES DE OUTUBRO DE 2009. EXPTE. 938/334.**

En cumprimento coa base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo, a concelleira de Xuventude, igualdade e Normalización Lingüística, dá conta á Xunta de

Goberno local dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Normalización Lingüística durante o mes de outubro de 2009, que son os seguintes:

| | |
|---|---|
| Expediente | 920/334. Realización de mesas redondas, relatorios, charlas-coloquio |
| Decreto concelleira | data 6 de outubro de 2009 |
| Informe Intervención | RC 56692 |
| Adxudicatario | Varios |
| Importe | 1.200,00 euros |

| | |
|---|---|
| Expediente | 921/334. Realización da actividade de cara a integración cultural e lingüística da poboación inmigrante en Vigo |
| Decreto concelleira | data 7 de outubro de 2009 |
| Informe Intervención | RC 56575 |
| Adxudicatario | Reverso comunicación, cultura e lingua |
| Importe | 7.018,00 euros |

| | |
|---|---|
| Expediente | 926/334. Elaboración das unidades didácticas de secundaria, da 5.ª edición do "Festival de cinema galego 2009. Unha lección de cine" |
| Decreto concelleira | data 27 de outubro de 2009 |
| Informe Intervención | RC 64925 |
| Adxudicatario | weSpeak, S.L. |
| Importe | 2.999,76 euros |

Acordo
A Xunta de Goberno local queda enterada.

**18(1664).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DO REXEITAMENTO EXPRESO DA ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIAS DE PONTEVEDRA A SUBVENCIÓN CONCEDIDA EN X.GOBERNO DE 14.09.09. EXPTE. 924/334.**
Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica do Servizo de Normalización Lingüística, do 20.10.09, conformado pola concelleira de Xuventude, Igualdade e Normalización Lingüística, a Xunta de Goberno local acorda:

"Aceptar o rexeitamento expreso da subvención concedida á Asociación provinical de empresarias de Pontevedra (G-36710234), importe da subvención 855,00 € e, polo tanto, anular o compromiso adquirido segundo o acordo da Xunta de Goberno local de data 14 de setembro de 2009".

**19(1665).- ASISTENCIA DA FUNCIONARIA MARTA MOLÍNS OTERO AO CURSO DE “LINGUAXE ADMINISTRATIVA GALEGA” NA ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS. EXPTE. 301/302.**
Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo da OMIC, do 30.10.09, conformado pola concelleira-delegada de Consumo, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar a asistencia ó curso á funcionaria Dª. Marta Molíns Otero.

2º.- Aprobar os seguintes gastos con cargo á partida 2310000 da OMIC:

Locomoción e peaxes:
70 km./día (ida/volta) x 29 días x 0,19 €/km..................385,70 €
29 días x 5,90 € peaxe (ida e volta).......... ......................171,10 €

Total......................................................556,80 €

**20(1666).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE DO PERSOAL DE DESINFECCIÓN POR TOXICIDADE CORRESPONDENTE AO MES DE OUTUBRO DO 2009. EXPTE. 19439/320.**
Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 16.11.09, o informe-proposta da técnico de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 12.11.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecelas obrigas que en concepto de Complemento de productividade aboarase o persoal adscrito o Servicio de Desinfección que figura nas relacións que se achegan no expedinete e que comezan por Don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por Don Higinio Durán Cabobianco, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de OUTUBRO -2009 e que ascenden a un total 609’20 € (SEISCENTOS NOVE EUROS CON VINTE CENTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.”

**21(1667).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE DO PERSOAL DE CEMITERIOS POR XORNADA PARTIDA CORRESPONDENTE AO MES DE OUTUBRO DO 2009. EXPTE. 19437/220.**
Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 16.11.09, o informe-proposta da técnico de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 12.11.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de productividade de servizos prestados polo persoal do servicio Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran na

relación que se achegan e que comeza por don Jesús Alfonso Sanmartín e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de Outubro-09, e que ascenden a un total de 1.145’08 €, con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

**22(1668).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL CORRESPONDENTE AO MES DE OUTUBRO DO 2009. EXPTE. 19434/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 16.11.09, e de acordo co informe-proposta da técnico de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 11.11.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar, en concepto de complemento de produtividade por toxicidade polos servizos prestados nos vertedeiros incontrolados da Cidade, a cantidade que figura na relación que se achega e que ascende a un total de 108'60 euros, correspondente ao mes de Outubro de 2009 con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

**23(1669).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR CONDUCIR VEHÍCULO LIXEIRO MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE 2009 DOS SERVIZOS DE LIMPEZA, PARQUE CENTRAL E EDUCACIÓN. EXPTE. 19443/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 16.11.09, e de acordo co informe-proposta da técnico de Recursos Humanos, do 11.11.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo persoal dos servizos de Limpeza, Parque Central e Educación aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial condutor, as cantidades que figura na relacións que se achegan, por un importe total de 1.294'08 € correspondentes ó 3º trimestre de 2009 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUTIVIDADE.

**24(1670).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS, CORRESPONDENTE AO MES DE OUTUBRO DO 2009. EXPTE. 19435/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 16.11.09, e de acordo co informe-proposta da técnico de Recursos Humanos, do 12.11.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servizo de Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran nas relacións que se achegan no expediente e que comezan por Don José Luis Hermida Rodríguez e remata por Don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondente ao mes de OUTUBRO-2009, e que ascenden a un total de 647’52 € (SEISCENTOS COARENTA E SETE EUROS CON CINCOENTA E DOUS CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 121.10.151.00.00-Gratificacións”.

**25(1671).- RECLAMACIÓN PRESENTADA POR Dª AUREA SOTO LAGO SOBRE RETRIBUCIÓNS COMPLEMENTARIAS ASIGNADAS AO POSTO DE TRABALLO. EXPTE. 19259/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proosta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 16.11.09, conformado polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*ANTECEDENTES*

*1.- En escrito de data 04/06/2009 (nº de rexistro de entrada 90083341) a funcionaria de carreira Dª Áurea Soto Lago, con nº de persoal 9.290, con praza de delineante municipal adscrita ao posto de traballo de “xefe/a de grupo de Inspección Técnica de Obras”, solicita a aplicación na nómina da modificación efectuada aos xefes/as de negociado, pasando a percibir como retribucións complementarias o nivel 22 (complemento de destino) no canto do nivel 20 que ten asignado o posto de traballo ao cal está adscrita.*

*2.- No marco da tramitación do expediente administrativo, foi solicitado informe ao Técnico de Planificación e Organización de RRHH, quen en data 27/08/2009 informou que:*

*“En relación coa súa solicitude de informe, de data 12 de xuño pasado, sobre a supresión da denominación de “xefe de negociado” da nómina da funcionaria Dª Aurea Soto Lago (doc. nº 90083349), así como a reclamación da interesada (doc. nº 90083341) de modificación do seu complemento de destino ao igual que aos xefes de negociado (do 20 ao 22), partícípolle o seguinte:*

*Consultadas as RPT dos anos 2002, 2005, 2008 e 2009, compróbase que no posto de traballo de “xefe/a grupo inspección técnica obras”, ao que está adscrita Dª Aurea Soto Lago, non figura ningunha referencia a “xefe de negociado”, ainda que a efectos retributivos tivera o mesmo nivel de complemento de destino, pero non así o complemento específico, que era inferior.*

*A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 21 de maio de 2009, procedeu a aprobación da nova guía de funcións de postos e consiguinte proposta retributiva, entre os que se atopaban os de “xefe/a de grupo inspección técnica obras” e “xefe negociado”, polo que o posto de “xefe/a de grupo inspección técnica de obras” pasa a ter o nivel de complemento de destino 21 e as de “xefe de negociado” o nivel de complemento de destino 22.*

*Así mesmo, achéganse copias das guías de funcións dos postos de “xefe de negociado” “delineante” e “xefe de grupo de inspección”, aprobadas polo Pleno en sesión do día 25 de marzo do 2002, onde se pode comprobar que o posto de traballo de Dª Aurea Soto Lago non ten ningunha relación co de “xefe de negociado”, polo que non pode ser equiparado ao de “xefe de grupo de inspección” que é ao que está adscrita a interesada.”*

*3.- En escrito de data 13/11/2009 (documento nº 90163638) a referida funcionaria presente recurso de reposición contra a falta de resolución expresa da reclamación plantexada.*

*FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA*

*I.- O recurso de reposición presentado reúne os requisitos obxectivos e temporais que para a súa admisibilidade esixen os artigos 116 e 117 da vixente Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999; en consecuencia, cómpre admitilo a trámite e proceder á súa resolución.*

*II.- En primeiro lugar, debe salientarse que, tal e como consta no informe técnico transcrito nos antecedentes e obrante no expediente administrativo, nas Relacións de Postos de Traballo municipais correspondentes aos anos 2002, 2005, 2008 e 2009 non figura referencia algunha á presunta equiparación do posto de traballo de "xefe/a de grupo de Inspección Técnica de Obras" aos postos de "xefe/a do Negociado", atopándose o primeiro encadrado na escala de administración especial, mentres que os segundo se atopan encadrados na escala de administración xeral, coas peculiaridades dos mesmos derivadas, contidas nos artigos 169 e 170 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións vixentes en materia de Réxime Local.*
*Como se sinala no informe técnico referido –e por outra banda así consta nas guías de funcións dos postos de traballo- non existe semellanza entre as funcións atribuídas aos postos de traballo de xefatura de negociado administrativo*
*-responsabilidade de carácter eminentemente burocrático- coas funcións porpias do posto de xefatura de grupo de Inspección Técnica de Obras, que pola súa especificidade técnica carece de analoxía algunha cos postos anteditos, como se observa da lectura das guías de funcións correspondentes.*

*III.- Polo que respecta á determinación das retribucións complementarias, debe salientarse que a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 21 de maio do 2009, acordou a adecuación retributiva de determinados postos de traballo existentes na Relación de Postos de Traballo municipal, así como a conseguinte adaptación da guía de funcións dos mesmos. O proceso de adecuación retributiva contou coa participación da representación sindical dos empregados/as públicos ao servizo do Concello de Vigo, como así consta nas actas das sesións da Mesa Xeral de Negociación celebradas o 7 de abril, 22 de abril e 6 de maio do presente ano 2009, sen que nelas conste suxerencia, precisión queixa ou matización algunha en relación á redefinción das retribucións complementarias asignadas ao posto de traballo ao cal a funcionaria reclamante está adscrita.*
*A maior abundamento, debe sinalarse que o dito acordo da Xunta de Goberno Local non consta que teña sido recorrido en vía administrativa ou xurisdiccional en prazo, pola cal debe presumirse válido e eficaz, despregando todos os seus efectos nos termos do disposto nos artigos 56, 57 e 94 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, referida con anterioridade.*

*IV.- Vistas as competencias que a Xunta de Goberno Local ostenta en canto á aprobación das retribucións do persoal municipal, recollida no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:*

*Primeiro.- Desestimar o recurso de reposición interposto en escrito de data 13 de novembro do 2009 pola funcionaria municipal Dª Áurea Soto Lago, con nº de persoal 9.290, contra a falta de resolución expresa no procedemento de reclamación de retribucións complementarias iniciado a medio de escrito presentado o 04/07/2009, en atención aos informes técnicos emitidos no marco da tramitación do expediente administrativo, así como aos fundamentos xurídicos expresados.*

*Segundo.- Notifíquese o presente acordo a interesada aos efectos oportunos, significándolle que contra o mesmo poderase interpoñer únicamente recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito."*

Acordo
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**26(1672).- DISPOÑIBILIDADE POLICÍA LOCAL CORRESPONDENTE AO MES DE OUTUBRO DO 2009. EXPTE. 34103/212.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 13.11.09, e de acordo co informe-proposta asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, a xefa do Servizo de Recursos Humanos e conformado polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Outorgar aos funcionários que a continuacion se relacionan e que comeza por D Alberto Carballo Acuña e remata por D Juan Guillermo Vivero Mijarese que teñen participado na realizacion de reforzos no mês de outubro de 2009, un complemento de produtividade, en atención á especial adicación e interese coa que teñen realizado o seu traballo, complemento retributivo que supón un importe total de €, con cargo á partida orzamentaria 121.0.1500000 “Productividade”.

| N__PER | AGENTE | GRADO | Importe Total |
|---|---|---|---|
| 18320 | CARBALLO ACUÑA, ALBERTO | INSPECTOR PRINCIPAL | 512,00 € |
| 77815 | CARBALLO ACUÑA, FRANCISCO JAVIER | INSPECTOR PRINCIPAL | 512,00 € |
| 76470 | FREIRE ESTEVEZ, ALBERTO | INSPECTOR PRINCIPAL | 256,00 € |
| 13712 | MARTINEZ MUÑOZ, FRANCISCO | INSPECTOR PRINCIPAL | 256,00 € |
| 15906 | ALVAREZ DOMINGUEZ, JOSE MARIA | INSPECTOR | 249,00 € |
*9.- Actividades reguladas dentro do previsto no Real decreto 2816/1982, polo que se aproba o regulamento xeral de de policía e espectáculos públicos e actividades recreativas.*

*10.- Actuacións en edificacións, instalación ou locais que se encontren en situación de fóra de ordenación.*

*11.- Actuacións que teñan por finalidade o cambio do uso global dun edificio ou parte do mesmo, ou a modificación do número de vivendas ou locais.*

*12,- actividades con niveles especiais de aillamento segundo a ordenanza de ruidos, tanto diurnas como nocturnas.*

*Artigo 4º Procedemento.*

*1.- O acto de control e intervención da Administración municipal, no suspostos previstos no Artigo 2º da presente Ordenanza, axustarase ao seguinte procedemento:*

- *A comunicación deberá efectuarse en documento normalizado, acompañado da documentación que para cada actuación concreta se especifique, de acordo co Anexo da presente ordenanza.*

- *O rexistro da documentación completa no órgano competente para coñecer da actuación de que se trate, equivaldrá á toma de coñecemento por parte da Administración Municipal.*

- *Analizada a documentación, e en función da adecuación ou non do seu contido ó ordenamento urbanístico e as prescripcións da presente ordenanza, a tramitación dos actos comunicados finalizará dalgunha das seguintes formas:*

    - *Cando a actuación comunicada se adecúe ó ordenamento xurídico e ás prescripcións desta ordenanza, trascorrido o prazo de dez días a contar dende o seguinte á data de comunicación, ésta producirá os efectos da licenza urbanística, puidéndose iniciar as obras ou exercer a actividade de que se trate.*

    - *Cando a comunicación aportada sexa insuficinte, no prazo de dez días e no mesmo acto comunicarase ó interesado que se absteña de executar a súa actuación e que a autorización sexa tramitado polo procedemento ordinario, concedéndose un prazo de subsanación da documentación esixible.*

    - *Cando se estime que a actuación comunicada non está incluida entre as previstas para ser tramitadas por este procedemento, no prazo non superior a dez días hábiles, se notificará ao solicitante de que se absteña de executar a actuación, procedendo a continuación á tramitación mediante o procedemento de outorgamento de licenzas ordinario.*

- *Cando a actuación comunicada non se axuste ao planeamento vixente, no prazo de dez días se notificará esta circunstancia ó solcitante, arquivándose o expediente sen máis trámite.*

2.- *As actuacións comunicadas non poderán iniciarse, en ningún caso, antes de transcurrir dez días hábiles a contar dende o seguinte ó da data da súa posta en coñecemento na Administración.*

3.- *Non se terán adquiridas por silencio as licenzas para actuacións comunicadas que vaian en contra da lexislación e do planeamento urbanístico.*

*Disposición adicional primeira.- Regulación do procedemento de comunicación dos cambios de titularidade de licenzas.-*
*De acordo co previsto no artigo 13º do Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se regula o regulamento de servizos das Corporacións Locais, as licenzas relativas ás condicións dunha obra, instalación ou servizo serán transmisibles. Os interesados deberán unicamente comunicalo a Administración municipal, facendo expresa referencia á licenza que queren transmitir. A comprobación por parte da Administración Municipal da inexactitude ou falsedade de calquera dato, manifestación ou documento, determinará a imposibilidade de continuar no exercizo do dereito.*

*Disposición adicional segunda.- Regulación do procedemento de concesión de prórrogas para o inicio ou terminación de obras.-*
*Os titulares dunha licenza urbanística poderán solicitar unha prórroga para o inicio ou terminación das obras ó abeiro do establecido no artigo 197 da LOUGA e 15 do Anexo normativo (“Tramitación de licenzas e documentación”) do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo. A autorización da prórroga estará sometida ao deber de comunicación previa regulada na presente ordenanza. A comprobación por parte da Administración Municipal de inexactitude ou falsedade de calquera dato, manifestación ou documento, determinará a imposibilidade de entender autorizada a prórroga solicitada.*

*Disposición adicional terceira.- Tramitación electrónica dos procedementos regulados pola presente Ordenanza.-*
*Ao abeiro do establecido na Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadanos aos servizos públicos, a Xerencia municipal de urbanismo establecerá os mecanismos que permitan a tramitación electrónica dos procedementos regulados pola presente Ordenanza.*

*Disposición adicional cuarta.- Modelos de presentación de actuación comunicada.-*
*No prazo dun mes dende a entrada en vigor, o Delegado de urbanismo e vivenda aprobará os modelos de comunicación dos distintos procedementos regulados na Ordenanza. Así mesmo, será obxecto de aprobación o modelo normalizado para a presentación telemática de todos os procedementos.*

*Disposición transitoria primeira.-*
*A presente normativa non será de aplicación a aqueles procedementos que se iniciaran con anterioridade á data da súa entrada en vigor.*

*Disposición transitoria segunda.-*

*A substitución do deber de obtención de licenza polo de comunicación previa, quedará condicionada á modificación da relación de postos de traballo que estableza a estructura de persoal axeitada ao establecido na preente ordenanza.*

*Disposición final.-*
*A entrada en vigor da presente Ordenanza se producirá ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.*

Acordo
A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

**35(1681).- APROBACIÓN DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO (EXPTE 991/400).**
A Xunta de Goberno local retira este expediente da orde do día.

**36(1682).- ADHESIÓN Ó MODELO XERAL DE ESTATUTOS E BASES DE ACTUACIÓN. APROBACIÓN DA CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE COMPENSACIÓN "APR A-3-08 A ARTÍSTICA". EXPTE. 4901/401.**
Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 12.11.09, conformado polo arquitecto-xefe da Oficina de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

*I. FEITOS/ANTECEDENTES*

*I.1. En data 05.03.2009 tivo entrada no Rexistro xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU) a solicitude (Doc. nº 90031637) e documentación anexa presentada polo administrador único da mercantil "Instalaciones y Servicios La Artística, S.A." (CIF A-36.805.802), D. Basilio Martínez Serodio (DNI 76.898.476-T), na que manifestaba a vontade de adherirse ó modelo xeral de «Bases e Estatutos de Xunta de Compensación», aprobado polo Consello da XMU do 11.12.2003, como titular de máis do 70% da propiedade do ámbito da «APR A-3-08 A ARTÍSTICA» do vixente PXOM de Vigo.*

*I.2. Esa documentación foi posteriormente completada, a requirimento da Oficina de Planeamento – Xestión da XMU, coa presentada en data 18.03.2009 (Doc. nº 90038574), achegando ó expediente cadro resume de superficies, planos topográfico e parcelario, certificación catastral e notas simples do Rexistro da Propiedade.*

*I.3. O 28.09.2009 notificouselle a "Instalaciones y Servicios La Artística, S.A." a necesidade de acreditar en escritura pública que os propietarios interesados, representantes do 70% da superficie do ámbito, consentían a aplicación daquel modelo (Art. 155.2 pfo. 2º LOUGA), ó tempo que se informaba da posibilidade de tramitar e aprobar conxuntamente por esta Admón. a aplicación do modelo xeral de Bases e Estatutos e a constitución da Xunta de Compensación, coa conseguinte reducción de trámites e prazos.*

*I.4. Como resposta a esa notificación, o representante legal de "Instalaciones y Servicios La Artística, S.A." presenta o 19.10.2009 un escrito no Rexistro xeral da XMU (Doc. nº 90149104) ó que acompaña copia autenti-*

*cada da escritura pública de constitución da Xunta de Compensación da «APR A-3-08 A ARTÍSTICA» e aceptación do modelo xeral de Bases e Estatutos, autorizada en data 05.10.2009 polo notario de Vigo Sr. García-Boente Sánchez, co núm. 1818 do seu protocolo.*

*I.5. Achégase tamén copia dos xustificantes das notificacións remitidas via burofax ós propietarios aínda non adheridos; D. José Antonio Gestoso Álvarez e Dª Noemí Gestoso Álvarez, titulares dunha parcela de 917 m2 no ámbito, para que comparecesen naquela data na notaría de referencia, a fin de asinar a escritura de consentimento á aplicación do modelo xeral de Bases e Estatutos e constitución da Xunta de Compensación; circunstancia que tamén lles foi oportunamente comunicada.*

*II. NORMATIVA EXAMINADA*

- *TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).*
- *LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).*
- *LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).*
- *LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico da Admóns. públicas e do Procedemento administrativo común).*
- *RDUGal (D.28/1999, do 21 de xaneiro, Regulamento de Disciplina Urbanística de Galicia).*
- *RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).*
- *RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).*
- *RD.1093/1997, do 4 de xullo, Regulamento sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística.*
- *Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000).*
- *PXOM 2008 (Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo; A.D. parcial: Orde Conselleira CPTOPT do 16.05.2008; DOG nº 106, do 03.06.2008; BOP nº 151, do 06.08.2008; Orde Conselleiro CMAIT do 13.07.2009; DOG nº 144, do 24.07.2009; BOP nº 175, do 10.09.2009).*
- *Modelo xeral de «Bases e Estatutos de Xunta de Compensación e Estatutos de Entidade Urbanística de Conservación», aprobado polo Consello da XMU do 11.12.2003 (BOP nº 1, do 02.01.2004).*

*III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA*

*III.1. O vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Vigo foi aprobado definitivamente, de forma parcial, por Orde da Conselleira da CPTOPT da Xunta de Galicia do 16.05.2008 (DOG nº 106, do 03.06.2008) e a súa normativa foi integramente publicada no BOP o 06.08.2008 (BOP nº 151 - Suplemento). O 13.07.2009 o Conselleiro da CMATI aprobou definitivamente o documento de cumprimento da Orde da CPTOPT do 16.05.2008 sobre aprobación definitiva do PXOM de Vigo (DOG nº 144, do 24.07.2009; BOP nº 175, do 10.09.2009).*

*III.2. No PXOM delimitouse o ámbito de solo urbano non consolidado, con ordenación detallada, «APR A-3-08 A ARTÍSTICA», cunha superficie total de 18.901,00 m2 e un aproveitamento tipo de 1,922 m2 u.t.c./m2s, sendo o polígono coincidente coa área de reparto. Trátase dunha actuación incluída no 1º cuadrienio da programación do Plan, a desenvolver polo sistema de compensación.*

*III.3. En data 08.06.2009 asinouse un convenio urbanístico entre o propietario maioritario e o Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda do Concello de Vigo para o desenvolvemente deste ámbito (Exp. nº 7266/411). Consta tamén copia no expediente nº 4901/401.*

*III.4. Vista a documentación presentada polo representante de "Instalaciones y Servicios La Artística, S.A.", resulta procedente a aplicación a este ámbito do modelo xeral de Estatutos e Bases de actuación aprobado polo Consello da XMU o 11.12.2003 (BOP núm. 1, do 02.01.2004; Exp. nº 4462/401), toda vez que consta fidedignamente a adhesión ó mesmo de propietarios que representan unha superficie superior ao 70% da total do polígono, concretamente o 87,048% (94,73% da superficie computable), como esixe o Art. 155.2 pfo. 2 da LOUGA, segundo así resulta da escritura pública presentada e da comprobación efectuada polo adxunto ó Director da Oficina de Planeamento – Xestión da XMU no seu informe do 10.11.2009.*

*III.5. O representante municipal nos órganos rectores da Xunta de Compensación (Art. 155.5 LOUGA e Arts. 8.2 e 10 Estatutos) será o Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda do Concello de Vigo, D. José Manuel Mariño Mendoza.*

*III.6. Procede tamén aprobar a constitución da Xunta de compensación urbanizadora do ámbito, realizada na escritura pública de referencia, cumprindo así co disposto no Art. 155 da LOUGA e preceptos concordantes do RXU.*

*III.7. De conformidade co establecido nos Art. 156.1 da LOUGA e 8.4 dos Estatutos, concederáselles ós propietarios non incorporados á Xunta de Compensación o prazo dun mes para adherirse á mesma con igualdade de dereitos e obrigas. En caso de non facelo, a súa propiedade poderá ser obxecto de expropiación forzosa (Art. 156.1 pfo. 2º e Art. 8.6 Estatutos), tendo a Xunta de Compensación a condición de beneficiaria da mesma.*

*III.8. Finalmente, a teor do disposto no Art. 5 do RD.1093/97, do 4 de xullo, polo que se aprobaron as normas complementarias ó Regulamento para a execución da Lei Hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística, deberá practicarse polo Rexistrador da propiedade a nota marxinal de iniciación do procedemento de equidistribución.*

*III.9. É competente para adoptar o acordo que a seguir se proporá a Xunta de Goberno Local (Art. 127.1.d) LRBRL), previa a súa consideración polo Consello de Xerencia da XMU.*

*IV. PROPOSTA*

*En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, propónse á Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo, a adopción do seguinte,*

*«ACORDO*

*PRIMEIRO:* *Aplicar á xestión do ámbito de planeamento remitido con ordenación detallada "APR A-3-08 A ARTÍSTICA" do PXOM de Vigo o modelo xeral de Estatutos e Bases de Actuación aprobado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo o 11.12.2003 (BOP núm. 1, do 02.01.2004).*

*SEGUNDO:* *Aprobar a constitución da Xunta de Compensación do citado ámbito, efectuada mediante escritura pública de data 05.10.2009, autorizada polo notario de Vigo Sr. García-Boente Sán-*

*chez co núm. 1818 do seu protocolo, e requirir ós órganos rectores da Xunta de Compensación para que procedan á práctica da nota marxinal descrita no Artigo 5 do RD 1093/97, do 4 de xullo.*

*TERCEIRO:* *Nomear como representante municipal nesa Xunta de compensación ó Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda do Concello de Vigo, D. José Manuel Mariño Mendoza.*

*CUARTO:* *Instar da Secretaría xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da CMATI da Xunta de Galicia a inscrición desta Xunta de compensación no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras.*

*QUINTO:* *Requirir ós propietarios non incorporados a fin de que no prazo máximo dun mes se adhiran ante notario á Xunta de Compensación, comunicándollo á mesma e a esta Administración municipal. Transcorrido ese prazo a incorporación só será posible se non atranca o desenvolvemento do proceso e o aproba a Xunta de Compensación. En todo caso, de non incorporararse, a súa propiedade poderá ser obxecto de expropiación forzosa en favor da Xunta de Compensación.*

*SEXTO:* *Notifíqueselles o contido íntegro deste acordo á Xunta de Compensación e a todos os propietarios e titulares de dereitos reais no polígono, coa advertencia de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, contados desde o dia seguinte ó da súa notificación.*

*SÉTIMO:* *Dar traslado deste acordo á xefatura dos servizos técnicos da Xerencia de Urbanismo, para que se emita o informe que proceda en relación coa incidencia da execución da "APR A-3-08 A ARTÍSTICA" nas infraestruturas».*

*Non obstante, o órgano resolutorio decidirá, co seu superior criterio, o que estime máis conveniente.*

Acordo
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**37(1683).- SOLICITUDE DA ÁREA PORTUARIA DE VIGO RELATIVA Á "3ª MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN ESPECIAL DE ORDENACIÓN DO PORTO DE VIGO" ("ASTILLEROS Y CONSTRUCCIONES A LAGOA S.A.") EXPTE. 12141/411.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 9.11.09, conformado polo arquitecto-xefe da Oficina de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

*FEITOS/ANTECEDENTES*

*I.1. En data 31.07.2009 tivo entrada no Rexistro xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU) a solicitude (Doc. nº 90114214) e documentación anexa presentada pola presidenta da Autoridade Portuaria de Vigo (APV),*

*coa que se daba traslado do acordo adoptado nesa mesma data polo seu Consello de Administración, instando desta Administración municipal a tramitación da "3ª MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN ESPECIAL DE ORDENACIÓN DO PORTO DE VIGO".*

*I.2. Tal modificación tería por obxecto o Art. 32 do Plan Especial do Porto de Vigo (PEPV), referido á Ordenanza nº 14, «A Lagoa – Rios», segundo a documentación redactada para o efecto polo Director da APV en colaboración coa xefa da Área de Planificación e Infraestructuras, con data 30.07.2009; documentación integrada por unha breve Memoria xustificativa á que se xunta a instancia do representante de "Astilleros y Construcciones A Lagoa, S.A." presentada á APV o 07.07.2009, solicitando que se promova a modificación da citada Ordenanza.*

*I.3. En relación con aquél escrito da presidenta da APV emitiron os técnicos da Oficina de Planeamento – Xestión da XMU informe en data 12.08.2009, conformado polo Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda, no que se concluía, de acordo coa normativa aplicable, a improcedencia de modificar o PEPV sen que previamente se formulase e aprobase o seu Plan de Utilización dos Espazos Portuarios (PUEP).*

*I.4. Conferido trámite de audiencia á APV (Art. 84.2 LRX-PAC), en data 06.10.2009 a súa presidenta presentou no Rexistro xeral da XMU unha instancia (Doc. nº 90142069) coa que achegaba o escrito de alegacións elaborado polo Director da APV, asinado con data 05.10.2009.*

*I.5. Evacuado o trámite de audiencia e a fin de continuar co procedemento e posibilitar o pronunciamento do órgano municipal competente sobre a solicitude de modificación puntual do PEPV, emítese por solicitude verbal do Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda o seguinte informe-proposta.*
*II. NORMATIVA EXAMINADA*

- *TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).*
- *LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).*
- *L.9/2006, do 28 de abril, sobre Avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.*
- *L.6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.*
- *LPEMM (L.27/1992, do 24 de novembro, de Portos do Estado e da Mariña Mercante).*
- *L.48/2003, do 26 de novembro, sobre o Réxime económico e de Prestación de servizos dos portos de interese xeral.*
- *LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).*
- *LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico da Admóns. públicas e do Procedemento administrativo común).*
- *RDUGal (D.28/1999, do 21 de xaneiro, Regulamento de Disciplina Urbanística de Galicia).*
- *RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).*
- *RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).*
- *Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000).*
- *PXOU-93 (Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo; A.D. Consello da Xunta 29.04.2003; DOG 10.05.1993; normas urbanísticas, BOP nº 133, 14.07.1993).*
- *PXOM 2008 (Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo; A.D. parcial: Orde Conselleira CPTOPT do 16.05.2008; DOG nº 106, do 03.06.2008; BOP nº 151, do 06.08.2008; Orde Conselleiro CMAIT do 13.07.2009; DOG nº 144, do 24.07.2009; BOP nº 175, do 10.09.2009).*
- *PEPV (Plan Especial do Porto de Vigo: 1998-2001-2003).*

*III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA*

*III.1. O vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Vigo foi aprobado definitivamente, de forma parcial, por Orde da Conselleira da CPTOPT da Xunta de Galicia do 16.05.2008 (DOG nº 106, do 03.06.2008) e a súa normativa foi integramente publicada no BOP o 06.08.2008 (BOP nº 151 - Suplemento). O 13.07.2009 o Conselleiro da CMATI aprobou definitivamente o documento de cumprimento da Orde da CPTOPT do 16.05.2008 sobre aprobación definitiva do PXOM de Vigo (DOG nº 144, do 24.07.2009).*

*III.2. No PXOM, todos os terreos da zona de servizo portuario do Porto de Vigo, porto de interese xeral do Estado (Art. 5.1 e Anexo LPEMM), están clasificados como Sistema Xeral Portuario dentro do Solo Urbano, de acordo co previsto na L.27/1992, do 24 de novembro, de Portos do Estado e da Mariña Mercante (LPEMM).*

*III.3. Así, en efecto, o Art. 18 da LPEMM preceptúa que os Plans Xerais de Ordenación Urbanística deberán calificar a zona de servizo dos portos estatais como «Sistema Xeral Portuario» e non poderán incluír determinacións que supoñan unha interferencia ou perturbación no exercizo das competencias de explotación portuaria. Este sistema xeral portuario desenvolverase a través dun Plan Especial, que é o verdadeiro instrumento para a ordenación urbanística do porto (STC 40/1998, FJ 34).*

*III.4. A sección 5ª da normativa do actual PXOM refírese ós usos portuarios, remitindo a súa regulación ó disposto na lexislación sectorial específica, ó Plan de Utilización dos Espazos Portuarios e ó Plan Especial de Ordenación, que deberá resolver adecuadamente as conexións da cidade co porto para os efectos da súa mellor integración e funcionalidade e, en particular, para procurar a adecuada conexión cos restantes sistemas xerais do transporte terrestre viario e ferroviario.*

*III.5. A competencia para formular e/ou modificar o PEPV corresponde legalmente á Autoridade Portuaria de Vigo (Art. 18.2.a] LPEMM), atribuíndose ó Concello a tramitación e aprobación administrativa do procedemento en virtude das súas competencias urbanísticas (Art. 18.2.b] LPEMM).*

*III.6. O Plan Especial do Porto de Vigo, redactado pola Autoridade Portuaria de Vigo, foi definitivamente aprobado en sesión plenaria do 16.04.1998 (Exp. nº 4332/411; BOP nº 103, do 02.06.1998 e DOG nº 109, do 09.06.1998). As súas normas e ordenanzas publicáronse no BOP nº 103, do 02.06.1998. O 21.11.2000 aprobouse a súa Modificación Puntual nº 1 (Exp. nº 5959/411; BOP nº 231, do 01.12.2000 e DOG nº 231, do 29.11.2000) e o 06.06.2003 a nº 2 (Exp. nº 7953/411; BOP nº 127, do 03.07.2003 e DOG nº 126, do 01.07.2003), cun texto refundido novo de ordenanzas e planos de ordenación.*

*III.7. A aprobación orixinal do PEPV e das dúas modificacións puntuais reseñadas realizáronse baixo a vixencia da LPEMM aprobada en 1992. Sen embargo, esta norma resultou posteriormente modificada pola L.48/2003, do 26 de novembro, sobre o Réxime económico e de Prestación de servizos dos portos de interese xeral; disposición que entrou en vigor –agás o seu Título I- o 27.02.2004 e que estableceu, expresamente, a necesidade de aprobar distintos instrumentos de planificación específica para esta clase de portos (Plan Estratéxico da Autoridade Portuaria, Plan Director da Infraestructura Portuaria, PUEP, Plan Especial de Ordenación do Porto...) cuxa función principal é a de definir os obxectivos xerais do sistema portuario, ordenar e racionalizar o uso dos seus espazos, proxectar ordenadamente o seu desenvolvemento futuro e compatibilizalo coa menor agresión posible ó medio natural.*

*III.8. En concreto, o Art. 96.7 da L.48/2003 esixe que con carácter previo á formulación pola respectiva Autoridade Portuaria do PEP deberá estar aprobado o PUEP; instrumento que delimitará a súa zona de servizo, establecerá a súa ordenación portuaria (non urbanística) e incluirá os usos previstos para cada unha das diferentes*

*zonas do porto, así como a xustificación da necesidade ou conveniencia de tales usos, «segundo criterios transparentes, obxectivos, non discriminatorios e de fomento da libre competencia na prestación dos servizos» (Art. 96 L.48/2003).*

*Tal como se afirma na recente STS do 30.10.2009 (Rec. casación nº 3371/2005), é o PUEP o instrumento que lexitima a implantación efectiva dos usos estrictamente portuarios nos portos de interese xeral, «en cuanto expresión de la competencia estatal sobre los mismos, correspondiéndole, además de la delimitación de la zona de servicio de los puertos, la ordenación propiamente portuaria, es decir, de los espacios de tierra y de agua necesarios para el desarrollo de los usos portuarios, así como de los de reserva para el desarrollo de dicha actividad. El Plan de Utilización determina la propia creación o ampliación del puerto, precediendo por tanto en el tiempo al Plan Especial, de naturaleza urbanística, en el que simplemente se ordenan los usos urbanísticos que se implantarán sobre la superficie del suelo portuario una vez exista».*

*III.9. Por outra banda, o Art. 93.4 L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do Medio rural de Galicia (LOUGA), normativa aplicable á tramitación dos PEP (Art. 18.2.b] LPEMM), esixe que a modificación dos instrumentos de planeamento urbanístico se tramite segundo o mesmo procedemento utilizado para a súa aprobación («principio de unidade de procedemento»).*

*En consecuencia, a modificación do PEPV que agora se insta –sen entrar a valorar neste momento as razóns de interese público que xustificarían a súa formulación- precisaría, en todo caso, a previa tramitación e aprobación do PUEP do porto de Vigo.*

*III.10. Resultará na actualidade tamén de aplicación, tanto ó PEPV como ó PUEP, o procedemento de avaliación ambiental integrada previsto na L.9/2006, do 28 de abril, de Avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente e na L.6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.*

*III.11. As alegacións formuladas polo Director da APV non desvirtúan as conclusións apuntadas no informe dos técnicos que subscriben de data 12.08.2009. Insistimos en que, de acordo coa normativa urbanística aplicable á tramitación e aprobación dos Plans Especiais portuarios, a modificación destes instrumentos levarase a cabo segundo o mesmo procedemento utilizado para a súa aprobación. Por outra banda, non pode admitirse que se recurra a puntuais e sucesivas modificacións parciais do PEPV para eludir a obriga –inexcusable- de redactar, tramitar e aprobar o PUEP, tal como esixe a lexislación sectorial de portos.*

*III.12. A competencia para resolver sobre a inadmisibilidade da proposta da Autoridade Portuaria de Vigo relativa á "3ª MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN ESPECIAL DE ORDENACIÓN DO PORTO DE VIGO" corresponderá, previa a súa consideración polo Consello da XMU, á Xunta de Goberno Local (Art. 127.1.c] LRBRL).*

*IV. PROPOSTA*

*En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; propónse á Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo, a adopción do seguinte,*

*«ACORDO*

*PRIMEIRO:* *Inadmitir a trámite a solicitude formulada en data 31.07.2009 (Doc. nº 90114214) pola presidenta da Autoridade Portuaria de Vigo relativa á "3ª MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN ESPECIAL DE ORDENACIÓN DO PORTO DE VIGO", na que se contén unha proposta de*

*modificación da regulación prevista na súa Ordenanza nº 14 (Art. 32) para a zona de «A Lagoa – Rios», toda vez que o Art. 96.7 da L.48/2003, do 26 de novembro, sobre o Réxime económico e de Prestación de servizos dos portos de interese xeral, en conexión co Art. 93.4 da L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do Medio rural de Galicia, esixe expresamente para a modificación dese Plan especial a previa aprobación do Plan de Utilización dos Espacios Portuarios que lle preste cobertura; plan que deberá ser elaborado pola Autoridade Portuaria e aprobado polo Ministerio de Fomento, previos os informes das Administracións urbanísticas e sectorial competentes.*

*SEGUNDO:* *Notificar o presente acordo ós interesados, con indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, contados desde o dia seguinte ó da súa notificación. No suposto de que o interesado fose unha Admón. pública non caberá interpoñer recurso en via administrativa, puidendo interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo da formulación, de ser o caso, de requirimento administrativo previo, de acordo co disposto nos Arts. 44 e concordantes da L.29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa».*

*Non obstante, o órgano resolutorio decidirá, co seu superior criterio, o que estime máis conveniente.*

Acordo
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**38(1684).- TOMA DE COÑECEMENTO DA MODIFICACIÓN DO DOMICILIO SOCIAL DA ENTIDADE URBANÍSTICA DE CONSERVACIÓN "UA-2 CARRASQUEIRA". EXPTE. 4920/401.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 12.11.09, conformado polo arquitecto-xefe da Oficina de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

*I. ANTECEDENTES*

*I.1. A Entidade Urbanística de Conservación (EUC) da «UA–2 CARRASQUEIRA» do PXOU-93 de Vigo foi constituida o 19.06.2007 en escritura pública autorizada polo notario de Vigo Sr. Rodríguez González, co nº 1428 do seu protocolo, acolléndose ó Modelo de «Estatutos xerais de Entidade Urbanística de Conservación», aprobado polo Consello da XMU do 11.12.2003 (BOP nº 1, do 02.01.2004). Figura inscrita co nº 12/08 no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras segundo Resolución do Director xeral de Urbanismo do 26.03.2008.*

*I.2. En data 15.05.2009, o representante da precitada EUC presentou un escrito no Rexistro xeral da XMU (Doc. nº 90072577) comunicando a modificación do domicilio social da entidade, aprobado na súa Asemblea xeral extraordinaria do 15.04.2009, segundo así consta na copia compulsada da acta que se achegou xunto co impreso de autoliquidación correspondente ó pagamento da taxa de modificación na inscrición no Rexistro de EUC. O enderezo orixinal desta EUC fixouse na rúa Sta.*

*Baia nº 22, local 5; enderezo que, coa modificación acordada, estará agora na rúa Manuel de Castro nº 13 de Vigo (CP 36210).*

*I.3. Remitida a documentación de referencia ó órgano autonómico competente (oficio do Delegado de Área do 18.05.2009), requiriuse pola Secretaría xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da CMATI da Xunta de Galicia a certificación da: «aprobación polo Concello do cambio de domicilio social acordado pola devandita Entidade de Conservación, de conformidade co establecido no artigo 27.4 do RD. 3288/1978, de 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de Xestión Urbanística». Tal requirimento foi posteriormente reiterado a pesar dos oficios aclaratorios desta XMU de datas 24.07.2009 e 22.09.2009, nos que se poñía de manifesto a innecesariedade de tal acordo, conforme ós Estatutos polos que se rexe e a normativa xeral de aplicación.*

*I.4. Con todo, apreciado o desistimento da solicitude inicial e demandada en instancia da EUC da «UA – 2 CARRASQUEIRA» do 23.10.2009 (Doc. nº 90151750) a subsanación das "deficiencias" que impedirían a inscrición daquel simple cambio de domicilio social no Rexistro de EUC, procede – a xuízo do técnico que subscribe- emitir informe sobre o asunto coa proposta que nel se contén.*

*II. NORMATIVA EXAMINADA*

- TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).
- *LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).*
- *LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).*
- *LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia).*
- *LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico da Admóns. públicas e do Procedemento administrativo común).*
- *RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).*
- *RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).*
- *RD.1093/1997, do 4 de xullo, Regulamento sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística.*
- *Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000).*
- *PXOU-93 (Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo; A.D. Consello da Xunta 29.04.2003; DOG 10.05.1993; normas urbanísticas, BOP nº 133, 14.07.1993).*
- *PXOM 2008 (Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo; A.D. parcial: Orde Conselleira CPTOPT do 16.05.2008; DOG nº 106, do 03.06.2008; BOP nº 151, do 06.08.2008; Orde Conselleiro CMAIT do 13.07.2009; DOG nº 144, do 24.07.2009; BOP nº 175, do 10.09.2009).*
- *Modelo de «Estatutos xerais de Entidade Urbanística de Conservación», aprobado polo Consello da XMU do 11.12.2003 (BOP nº 1, do 02.01.2004).*

*III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA*

*III.1. Natureza xurídica e finalidade das Entidades Urbanísticas de Conservación (EUC):*

*As EUC son entidades de dereito público, de adscrición obrigatoria e personalidade e capacidade xurídica propias desde a súa inscrición no Rexistro de EUC, para o cumprimento dos seus fins, relacionados coa conservación da obra urbanizadora: zonas verdes públicas, mobiliario urbano, espa-*

*zos libres privados sobre os que se constitúa un dereito real de uso público a favor do Concello, etc. Nestes supostos, a obriga de conservación da urbanización corresponderá á Xunta de Compensación ata a completa recepción da mesma por parte do Concello. Nese momento iniciaríase a obriga de conservación a cargo da EUC.*

*Os principios que rexen a estructura e funcionamento destas asociacións «propter rem», creadas para garantir o mantemento e a conservación da urbanización, son os de publicidade do procedemento e toma de acordos e sistema democrático na adopción de decisións; decisións contra as que, de ser o caso, caberá formular recurso de alzada perante o órgano municipal competente.*

*III.2. Necesidade de constituír as EUC e adscrición obrigatoria dos propietarios do ámbito:*

*O Art. 110.6 da LOUGA permite ó planeamento prever que a conservación da urbanización sexa a cargo dos propietarios dos soares resultantes; previsión xa recollida anteriormente no Art. 68 do RXU. Así, en efecto, esta obriga de conservación – suxeita ó prazo que o Plan fixe- ven hoxe imposta especificamente no Art. 2.3.5. do vixente PXOM, como antes tamén no PXOU-93 (Apdo. 3.2.3.5.b], in fine).*

*Por outra banda, tanto a normativa xeral de aplicación (Arts. 24-30 e 67-70 do RXU) como a propia xurisprudencia do TS consideran que para a constitución dunha EUC non é esixible o quorum requirido para as XC, que a mesma é obrigatoria e que non resulta necesaria a conformidade de todos os obrigados a formar parte da mesma (STS do 26.10.1998; RJ 7688). En efecto, dada a súa finalidade esencial, os propietarios non poden substraerse da participación na entidade de conservación, pois esta ven predeterminada pola propiedade de terreos no ámbito territorial da urbanización.*

*Neste mesmo sentido, o precitado Art. 5 do modelo de Estatutos xerais sinala expresamente que: «A pertenencia á entidade de conservación será preceptiva e ineludible para tódolos propietarios de inmobles incluídos no polígono de referencia, sen que resulte necesaria a súa participación no acto constitutivo». As cotas de conservación que corresponda satisfacer ós seus membros serán obrigatorias e esixibles pola vía de constrinximento (Art. 110.6 pfo. 3º).*

*III.3. Aplicación do modelo de Estatutos xerais para a constitución de EUC do Concello de Vigo:*

*O Art. 5 do modelo xeral de estatutos aprobado polo Consello da XMU en data 11.12.2003 (Exp. 4462/401; BOP nº 1, do 02.01.2004), establece a posibilidade de que os propietarios que representen máis do 70% das cotas de participación nun polígono insten a aplicación do modelo xeral de estatutos para a constitución da EUC.*

*III.4. Modificación do domicilio social:*

*Dispón expresamente o Art. 2 dos Estatutos polos que se rexe a EUC da «UA–2 CARRASQUEIRA» que: «O domicilio da entidade de conservación establecerase no seu acto constitutivo. <u>Este domicilio poderá ser modificado por acordo da Asemblea Xeral, dando conta ó Concello e Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras</u>».*

*Como se pode comprobar, non se esixe acordo aprobatorio ningún da Admón. municipal senón unicamente do órgano asembleario da EUC, pois non se trata en realidade dunha modificación estatutaria no sentido expresado no Art. 27.4 RXU e, por outra banda, a comunicación do acordo da EUC á que se refire ese artigo xa foi oportunamente realizada tanto ó Concello (15.05.2009) como ó propio Rexistro de EUC da CMATI (28.05.200), a través do Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda.*

*Con todo, como queira que, malia a literalidade da norma estatutaria, o órgano autonómico segue a requirir a adopción do acordo municipal como condición para inscribir a modificación do cambio de domicilio realizado, entendemos que (con ser innecesario) a fin de non ocasionar prexuízo ningún ó normal funcionamento desta Entidade de Conservación, cabería adoptar o acordo que a seguir se proporá.*

*III.5. Competencia:*

*É competente para adoptar este acordo a Xunta de Goberno Local, de conformidade co preceptuado no Art. 127.1.d] da LRBRL.*

*IV. PROPOSTA*

*Visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, <u>propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,</u>*

*«ACORDO*

*PRIMEIRO: Tomar coñecemento da modificación do domicilio social da EUC da «UA–2 CARRASQUEIRA» acordada na súa Asemblea xeral extraordinaria do 15.04.2009, da que se dera conta xa a esta Admón. municipal en data 15.05.2009 e tamén ó Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras o 28.05.2009; domicilio agora situado no nº 13 da rúa Manuel de Castro de Vigo (CP 36210).*

*SEGUNDO: Dar traslado deste acordo á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da CMATI da Xunta de Galicia para a constancia do cambio de domicilio no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras.*

*TERCEIRO: Notificar o presente acordo ós interesados, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, contados desde o dia seguinte ó da súa notificación. No suposto de que o interesado fose unha Admón. pública non caberá interpoñer recurso en via administrativa, puidendo interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo da formulación, de ser o caso, do requirimento administrativo previo, de acordo co disposto nos Arts. 44 e concordantes da LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa)».*

<u>Acordo</u>
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**39(1685).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 9.424,53 € A FAVOR DE MBKARMA S.L. EN CONCEPTO LIQUIDACIÓN DE GASTOS DERIVADOS DA CELEBRACIÓN DAS XORNADAS “MOCEANDO”. EXPTE. 2550/336.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 9.10.09, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 28.08.09, conformado pola concelleira delegada de Xuventude, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.-Prestar aprobación á indemnización substitutoria a favor de MBKARMA S.L CIF B-36932903, na contía de 9.424,53 euros, correspondentes á factura nº MBK09 / 148 de data 22/06/2009 polos conceptos de honorarios, aloxamento, manutención, traslados e kilometraxe de ponentes, así como coffees de dous días para os asistentes.

2º.-Recoñecer a obriga do gasto a favor do acredor polo importe 9.424,53 euros, correspondentes á factura: nº MBK09 / 148 de data 22/06/2009

3º.-Imputar o gasto polo respectivo importe ao crédito dispoñible na partida 4520.227.06.05 do orzamento vixente.

## ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicions legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

**40(1686).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DO NOVO EQUIPAMENTO AUDIOVISUAL PARA O MUSEO VERBUM-CASA DAS PALABRAS. EXPTE. 1006/340.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expedientes, visto o informe xurídico, do 14.10.09, o informe de fiscalización do 12.11.09, e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 26.10.09, conformado polo concelleiro-delegado de Cultura e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declara-la urxencia na tramitación do expediente 1006-340 para o subministro e instalación do novo equipamento audiovisual para o Verbum-Casa das Palabras.

2º.- Aproba-lo gasto de 32.000 euros para a contratación do subministro e instalación do novo equipamento audiovisual para o Verbum-Casa das Palabras, que se imputará á partida 4514.629.00.00 do presuposto do ano 2009.

3º.- Aproba-lo expediente de contratación por procedemento negociado sen publicidade da subministración e instalación do novo equipamento audiovisual para o Verbum-Casa das Palabras, que contén o prego de prescripcións técnicas particulares de 15-04-2009 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de subministros por procedemento negociado sen publicidade de data 29-09-2009.

4º.- Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a solicitude de ofertas a tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

**41(1687).- NOMEAMENTO DE FUNCIONARIA INTERINA CON CARGO A PRAZA DE TÉCNICA MEDIA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA. EXPTE. 19457/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 24.09.09, e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 23.11.09, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, a Xunta de Goberno local acorda:

"Primeiro.- Nomear funcionaria interina por acumulación de tarefas (artº. 10.1.d) do EBEP), como Técnica Media de Normalización Lingüística, a Dª. Laura Iglesias Rodríguez, DNI nº 36.157.519-R, aspirante que superou todolos exercicios da oposición e obtivo a maior cualificación no referido proceso selectivo, cunha puntuación total de 18,00 puntos.

Segundo.- Adscribir a interesada ao Servizo de Normalización Lingüística, Cód. 225, con efectos da data da súa toma de posesión, polo periodo máximo de seis meses, rematando a relación de servizo transcorrido dito prazo, Cód. posto 191, Cód. ocup.: a, Subgrupo: A2 de titulación, Empresa cotización: 07, Grupo tarifa: 02, Cód. Cont.: 408.

Terceiro.- O custo da referida contratación imputaráse con cargo á partida 121.0.140.00.00 "outras modalidades de contratacións temporais" prevista no vixente orzamento, segundo informe da Intervención Xeral de data 24 de setembro de 2009, que figura no expediente".

**42(1688).- NOMEAMENTO DE FUNCIONARIA INTERINA CON CARGO A PRAZA DE AUXILIAR DE ADMÓN. XERAL. EXPTE. 19446/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 20.11.09, e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 19.11.09, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e o concelleiro da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

"Primeiro.- Declara-la urxencia para proceder á cobertura interina dunha praza vacante de Auxiliar de Administración Xeral, Escala Administración Xeral, Subescala Auxiliar, dacordo co artigo 10.1.a), da Lei 7/2007, do 12 de abril (EBEP), xustificada nas necesidades de efectivos do Rexistro Xeral contida no escrito de data 4 de novembro de 2009.

Segundo.- Nomear funcionaria interina con cargo á referida praza vacante de Auxiliar de Administración Xeral a Dª. SUSANA VAZQUEZ BARBOSA, con D.N.I. 32.680.158-X, seguinte aspirante que superou tódolos exercicios do proceso de selección de persoal para funcionarios interinos celebrado no Concello, vista a inexistencia de aspirantes dispoñibles nas listas de reserva derivadas da execución da última Oferta de Emprego Público do Concello. O referido nomeamento farase de conformidade co disposto no artigo 10.1.a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, extinguíndose automáticamente a condición de funcionaria interina no momento en que se cubra definitivamente a praza á que se adscriba a interesada, previa resolución do procedemento selectivo competitivo e público incluido na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 30 de decembro de 2008, publicada no BOP e no DOGA de 10 e 19 de febreiro de 2009, respectivamente, nos termos dispostos na lexislación vixente en materia de acceso ao emprego público (Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público."

**43(1689).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR PARA OS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN COA XUNTA DE GALICIA-ANO 2008. EXPTE. 6460/77.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Promoción Económica e Emprego, do 20.11.09, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aceptar a subvención concedida na resolución da Xefa Territorial da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, de data 6 de novembro de 2009, en base a Orde de 19 de decembro de 2007 da Consellería de Traballo que regula a convocatoria dos Programas de Cooperación para o exercicio do ano 2008, na que unha vez avaliada a solicitude presentada, resolve conceder unha subvención polo importe total de 2.160,00 €, como complemento de mobilidade xeográfica para a traballadora Dna. Mª Begoña González Lorente da memoria de "Apoio á xestión de Espazos Municipais" dentro dos Programas de Cooperación do ano 2008.

2º.- Encomendar ao Servizo de Promoción Económica e Emprego, a tramitación deste pago conforme ao establecido no artigo 10º.1.b na Orde de 19 de decembro de 2007, pola que se establecen as bases que regulan, para o exercicio do ano 2008, as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación, ao abeiro do disposto no artigo 6º.4 da Orde de 2 de maio de 2006. e así proceda aos trámites oportunos para facer efectivo este pagamento concedido por mobilidade xeográfica.

**44(1690).- DESIGNACIÓN DE COORDINADOR DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS "DERRIBO DAS VIVENDAS PARA MESTRES DO COLEXIO PÚBLICO CANIDO-RÍA DE VIGO". EXPTE. 11119/332.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do Decreto da concelleira delegada de Educación, do 17.11.09, polo que resolve o seguinte:

*Designar como coordinador de Seguridade e Saúde na execución das obras de "derribo das vivendas para mestres do colexio público Canido-Ría de Vigo"a Miguel A. Carrera Mouriño (aparellador municipal).*

*Dar conta do presente Decreto na vindeira reunión da Xunta de Goberno local.*

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**45(1691).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DUNHA PLATAFORMA DE PROCESAMENTO DE SOPORTE Á MODERNIZACIÓN ADMINISTRATIVA DO CONCELLO DE VIGO. FASE II, ORDENADORES PERSOAIS, CLIENTES LIXEIROS E ORDENADORES PORTABEIS. EXPTE. 4132/113.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 6.11.09, o informe de fiscalización do 18.11.09, e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 12.11.09, conformado polo concelleiro delegado de Administración Electrónica, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declara-la urxencia na tramitación do expediente 4132-113 para o subministro de material necesario para a modernización do parque de Pcs do Concello.

2º.- Aproba-lo gasto de 69.600 euros para a contratación do subministro dunha plataforma de procesamento que de soporte á modernización administrativa do Concello de Vigo. Fase II ordenadores persoais, clientes lixeiros e ordenadores portabeis, que se imputarán á partida 1217.626.00.01 do presuposto dos anos 2009 e 2010

3º.- Aproba-lo expediente de contratación por procedemento negociado sen publicidade da subministración dunha plataforma de procesamento que dé soporte á modernización administrativa do Concello de Vigo, Fase II ordenadores persoais, clientes lixeiros e ordenadores portabeis que contén o prego de prescripcións técnicas particulares de 10-08-2009 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de subministros por procedemento negociado sen publicidade de data 20-10-2009.

4º.- Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a solicitude de ofertas a tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

**46(1692).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SEGUNDA FASE DA ADAPTACIÓN DE ALGÚNS SISTEMAS DE XESTIÓN INTERNA DO CONCELLO PARA CUMPLIR COA LEI DE ACCESO ELECTRÓNICO DOS CIDADÁNS. EXPTE. 4104/113.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 6.11.09, o informe de fiscalización, do 18.11.09, e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 12.11.09, conformado polo concelleiro delegado de Administración Electrónica, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declara-la urxencia na tramitación do expediente 4104-113 para o prestación do servizo da segunda fase da adaptación de algúns sistemas de xestión interna do Concello para cumplir ca Lei de Acceso Electrónico dos Cidadáns ós Servizos Públicos.

2º.- Aproba-lo gasto de 92.800 euros para a contratación do servizo da segunda fase da adaptación de algúns sistemas de xestión interna do Concello para cumplir ca Lei de Acceso Electrónico dos Cidadáns ós Servizos Públicos, que se imputarán a partida 1217.227.99.06 do presuposto dos anos 2009 e 2010.

3º Aproba-lo expediente de contratación para a contratación da servizo da segunda fase da adaptación de algúns sistemas de xestión interna do Concello para cumplir ca Lei de Acceso Electrónico dos Cidadáns ós Servizos Públicos, que contén o prego de prescripcións técnicas particulares de 17-07-2009 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento negociado con publicidade de data 13-10-2009.

4º Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a inserción de anuncio no perfil do contratista do concello de Vigo.

**47(1693).- PROXECTO DE CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A CONSELLERÍA DE SANIDADE PARA O COFINANCIAMENTO DO DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS NO PERÍODO 2009-2010. EXPTE. 47369/301.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 12.11.09, o informe de fiscalización, do 19.11.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Actividades Económicas, do 30.09.09, conformado polo xefe de Sector de Benestar Social e pola concelleira-delegada de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o convenio de cooperación entre a Consellería de Sanidade e o Concello de Vigo, para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias no período 2009-2010, por un total de 172.200€, así como o compromiso de achegas por parte do Concello segundo a seguinte distribución:

Ano 2009: 30.000 euros con cargo ao crédito consignado no vixente presuposto do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 3130.2270608 –Plan Local de Drogas.

Ano 2010: 30.000 euros con cargo ao crédito a consignar no presuposto do Concello de Vigo para o ano 2010 e na aplicación orzamentaria 3130.2270608 – Plan Local de Drogas-.

2º.- Autorizar o gasto total de 60.000 euros, como cofinanciación do Concello de Vigo ao convenio cooperación entre a Consellería de Sanidade e o Concello de Vigo, para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias no período 2009-2010.

CONVENIO DE COOPERACIÓN PARA O COFINANCIAMENTO DE PROGRAMAS DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE E O CONCELLO DE VIGO

*Santiago de Compostela, a 3 de agosto de dous mil nove*

*R E U N I D O S*

*DUNHA PARTE:* *Dª Pilar Farjas Abadía, Conselleira de Sanidade da Xunta de Galicia actuando en nome e representación da Consellería de Sanidade, en virtude do nomeamento aprobado polo Decreto 81/2009 do 19 de abril, no uso das facultades atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia, modificada pola Lei 11/1988, de 20 de outubro, e pola lei 12/2007, do 27 de xullo e de conformidade co establecido no Decreto 310/2009, do 28 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, e de conformidade co establecido na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na administración pública galega, así coma na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.*

*E DOUTRA:* *D.ª María Xosé Méndez Piñeiro, con D.N.I. nº 35.252.900 H, que actúa en nome e representación do Concello de Vigo, con CIF nº P3605700H, en virtude da súa condición de Concelleira Delegada da Área de Benestar Social e en uso das facultades que ten atribuídas por resolución do 5 de xullo de 2007.*

*M A N I F E S T A N*

*PRIMEIRO:* *Que segundo o Decreto 310/2009, do 28 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, a Subdirección Xeral de Programas de Fomento de Estilos de Vida Saudables a través do Servizo de drogodependencias e Transtornos Adictivos, asumirá as funcións que se lle asignan ao Comisionado do Plan de Galicia sobre Drogas no Decreto*

*254/1997, do 10 de setembro entre outras na área de prevención das drogodependencias, mais concretamente e en coordinación co Plan Nacional sobre Drogas (PNsD) integrará medidas conducentes a reducir a demanda do consumo de drogas, así como outras medidas encamiñadas á prevención e incorporación social dos problemas derivados do devandito consumo.*

*SEGUNDO:* *Que a Subdirección Xeral Programas de Fomento de Estilos de Vida Saudables a través do Servizo de Drogodependencias e Trastornos Adictivos é o órgano administrativo da Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación da Consellería de Sanidade da Comunidade Autónoma Galega que se ocupa da xestión, planificación e coordinación dos programas que configuran o Plan de Galicia sobre Drogas 2007-2009 na área de prevención das drogodependencias, contando coa asesoría das Comisións de Coordinación establecidas no Decreto 341/1998, do 12 de novembro, modificado polo Decreto 107/2006, do 15 de xuño.*

*TERCEIRO:* *Que ámbalas dúas partes consideran esencial o establecemento de accións conxuntas para os efectos do desenvolvemento das medidas e accións contidas no devandito Plan de Galicia sobre Drogas co fin de reducir, na medida do posible, a problemática ocasionada polo consumo de drogas na Comunidade Autónoma Galega.*

*Por todo isto, formalizan o presente convenio de acordo ás seguintes*

*C L Á U S U L A S*

*PRIMEIRA:* *É obxecto deste convenio o desenvolvemento por parte do Concello de Vigo de programas na área de prevención de drogodependencias e estes serán desenvolvidos ata o 30 de xuño de 2010.*

*SEGUNDA:* *Na área de prevención, desenvolveranse programas nos ámbitos escolar, familiar, mocidade e/ou laboral así como actividades transversais de soporte aos programas de prevención: programa de información-sensibilización e/ou programa de formación de mediadores sociais.*

*TERCEIRA:* *O equipo profesional poderá levar a cabo a súa vez actividades na área de asistencia, soamente no caso de que se teña a autorización para o dito fin segundo a Orde do 7 de Xullo de 1988 da Consellería de Sanidade sobre autorización de unidades, centros, servizos e establecementos sanitario-asistenciais do tratamento das drogodependencias.*

*CUARTA:* *O Concello de Vigo acepta os seguintes compromisos:*

*a) Someterse ás medidas de coordinación e programación dispostas pola Subdirección Xeral Programas de Fomento de Estilos de Vida Saudables a través do Servizo de Drogodependencias e Trastornos Adictivos da Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación da Consellería de Sanidade.*

*b) Aceptar e colaborar coas medidas que a Xunta de Galicia considere conveniente realizar para comprobar o cumprimento do fin para o que se subscribe o presente Convenio.*

*c) Os membros do equipo técnico participarán, por petición do Servizo de Drogodependencias e Trastornos Adictivos da Subdirección Xeral de Programas de Fomento de Estilos de Vida Saudables, na elaboración, desenvolvemento, avaliación e seguimento dos programas do Plan de Galicia sobre Drogas que a dita unidade administrativa coide oportuno para o desenvolvemento xeral do plan así como na formación que esta unidade*

*administrativa coide oportuno para a reciclaxe dos profesionais da rede de prevención e/ou incorporación social de drogodependencias.*

*d) Comunicar calquera modificación, suspensión ou vacante temporal no cadro de persoal que xestiona o/s programa/s.*

*e) Coordinarse con outros centros, servizos e programas recollidos dentro do Plan de Galicia sobre Drogas, co fin de asegurar a programación homoxénea dese Plan.*

*f) Cubrir os Indicadores segundo a aplicación informática da xestión do sistema de avaliación de prevención e incorporación social.- XESAPI, que se remitirán coa periodicidade establecida polo servizo de Prevención de Drogodependencias.*

*g) Presentar na aplicación informática XESAPI os programas previstos e a memoria correspondente dos mesmos unha vez executados.*

*h) Someter á consideración técnica do Servizo de Drogodependencias e Trastornos Adictivos, calquera programa ou intervención que, non estando contemplada dentro do Plan de Galicia sobre Drogas, vaia poñer en marcha o equipo de prevención.*

*Para tal fin a dirección técnica deste equipo presentará os novos programas a desenvolver segundo o formulario previsto na XESAPI que constará como mínimo dos seguintes apartados:*

- *Denominación, xustificación e metodoloxía do programa.*
- *Desenvolvemento programático: obxectivos xerais e específicos, poboación destinataria, difusión prevista, recursos humanos e materiais, mecanismos de coordinación, desglose de actividades, cronograma, orzamento e avaliación prevista.*

*i) Colaborar na adopción de calquera outra medida adoptada polas Comisións de Coordinación e o Servizo de Drogodependencias e Trastornos Adictivos da Subdirección Xeral de Programas de Fomento de Estilos de Vida Saudables.*

*QUINTA:* *O Concello de Vigo estará aberto á colaboración con aquelas entidades da Administración Local da súa comarca e/ou área de saúde que estean interesadas en participar nos programas de prevención de drogodependencias.*

*SÉXTA:* *O Concello de Vigo comprométese a incluír o anagrama correspondente á Subdirección Xeral de Programas de Fomento de Estilos de Vida Saudables da Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación da Consellería de Sanidade, en todo o material impreso que utilice en referencia aos programa/s obxecto deste convenio.*

*SÉTIMA:* *O importe do cofinanciamento ascende á cantidade de 172.200 €.*

*Dito financiamento vén determinado polos compromisos económicos que se detallan de seguido:*

*a) Contribución do Concello de Vigo: 60.000 €.*

*b) Contribución da Xunta de Galicia a través da Consellería de Sanidade: 112.200 €.*

*OITAVA:* *A contribución da Xunta de Galicia, a través da Consellería de Sanidade para o desenvolvemento dos programas de prevención de drogodependencias financiaranse con cargo ao crédito consignado nos presupostos da devandita Consellería e na aplicación orzamentaria 46.01.413A.640.1.*

*NOVENA:* *Os compromisos económicos da Consellería de Sanidade libraranse mediante pagos parciais e un libramento final conforme o seguinte detalle:*

*XUSTIFICACIÓN DE PAGOS*

- *Aboamentos Parciais.*

1. *Presentación da execución dos programas e actividades realizadas pola técnico responsable co visto bo da concelleira delegada da área respectiva. Os programas e a súas respectivas actividades presentaranse nos informes derivados dos cadros-resumo da memoria recollidos na aplicación informática XESAPI.*

2. *Nota de cargo correspondente por parte do concello.*

*A actividade acreditada e os correspondentes importes referéncianse e periodifícanse no apdo. 2 de execución de pagos.*

- *Aboamento final.*

• *Formalizarase previa presentación da memoria de todos os programas desenvolvidos nos informes derivados dos cadros-resumo de memoria recollidos na XESAPI, asinados pola técnico responsable.*

• *Informe da concelleira delegada da área correspondente da execución da actividade.*

• *Informe da intervención ou órgano con facultades de control do concello, da totalidade de gastos executados, gastos que terán que ser iguais ou superiores ao importe do programa (cláusula sétima).*

• *Nota de cargo correspondente por parte do concello.*

*EXECUCIÓN DE PAGOS.*

*Estrutúranse en función dos exercicios orzamentarios e conforme o seguinte detalle:*

*ANO 2009: 56.100 €, aboamento pola actividade desenvolvida no período do ano 2009 obxecto de convenio.*

*A documentación presentarase antes do 31 de decembro de 2009.*

*ANO 2010: 56.100 €, aboamento pola actividade desenvolvida no período do ano 2010 obxecto de convenio.*

*A documentación presentaranse antes do 15 de xullo de 2010.*

*DÉCIMA:* *O prazo de vixencia do presente convenio será desde a súa sinatura ata o 30 de xuño de 2010, podendo darlle continuidade previo acordo expreso entre as partes con tres meses de antelación á finalización da súa vixencia.*

*DÉCIMO PRIMEIRA:* *A subscrición do presente convenio non conleva relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades e a Consellería de Sanidade.*

*DÉCIMO SEGUNDA:* *O presente convenio ten carácter administrativo e rexerase polas estipulacións nel contidas, sendo de aplicación subsidiaria os principios contidos na Lei de Contratos do Sector Público e demáis disposicións vixentes en materia de convenios e contratos, para resolver as dúbidas e lagoas que poideran presentarse para o seu cumplimento e execución, atopándose expresamente excluido da aplicación da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, segundo o previsto no artigo 2.2c) da mesma.*

*DÉCIMO TERCEIRA:* *Constituirase unha comisión de seguimento, que se encargará de resolver as dúbidas que se formulen na interpretación e execución do convenio.*
*Esta comisión estará composta polos seguintes membros:*

*Pola Consellería de Sanidade:*

- *O xefe do Servizo de Drogodependencias e Trastornos Adictivos da Subdirección Xeral de Programas de Fomento de Estilos de Vida Saudables da Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación.*

*Polo Concello de Vigo:*

- *A profesional responsable do desenvolvemento dos programas*

*No suposto de desacordo entre as partes que compoñen esta comisión, a Consellería de Sanidade resolverá as distintas cuestións que foran obxecto de diverxencia.*

*DÉCIMO CUARTA:* *Son causas de resolución do presente convenio procedendo ao reintegro do importe percibido e dos xuros de mora:*

- O incumprimento total ou parcial dalgunha das súas cláusulas.
- *A desviación dos fondos outorgados para outro fin distinto do que motivou a concesión.*
- *O mutuo acordo entre as partes.*

*DÉCIMO QUINTA* *En razón de interese público, a Consellería de Sanidade poderá suspender a execución do convenio.*

*DÉCIMO SEXTA.* *As cuestións litixiosas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio resolveranse ante a xurisdicción contencioso-administrativa.*

*E en proba de conformidade, asínase o presente convenio, en triplicado exemplar no lugar e data antes mencionadas.*

**48(1694).- CONVENIO DE ACTUACIÓN E REHABILITACIÓN ENTRE A COMUNIDADE AUTÓNOMA-IGVS E O CONCELLO DE VIGO. OBXECTIVOS 2010, FASE 7ª BOUZAS. PLAN VIVENDA 2009-2012. EXPTE. 444/431.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, do 19.11.09, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, que di o seguinte:

*I. FEITOS/ANTECEDENTES*

- En data 26.02.2004 asínase o convenio de colaboración entre o IGVS e o Concello de Vigo en materia de actuacións na "Área de Rehabilitación Integrada" (ARI) do Barrio Histórico de Bouzas, correspondente á fase1ª, e en datas 27.04.06, 23.04.07, 08.11.08 e 04.12.08 as Fases 2ª, 3ª, 4ª e 5ª respectivamente para actuacións de rehabilitación de conxuntos históricos de Bouzas seguno o Art. 51 do RD 801/2005 de 1 de xullo,

- *En data 30.09.02 o pleno do Concello aproba o Pepri do barrio historico de Bouzas que se publica no B.O.P. o 26.11.02*

- *En data 30.03.09 o Alcalde –presidente do Concello de Vigo a requeremento dos convenios asinados declara a vontade do Concello de Vigo de acollerse ao Programa de axudas a instrumentos de información e xestión do Plan Vivenda e rehabilitación 2009-2012*

- *En data 29 de setembro de 2009 recíbese unha comunicación do Instituto Galego da Vivenda e Solo, adscrito á Conselleria de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras solicitando Memoria programa par os obxectibos 2010 da Área de Rehabilitación do Casco vello de Bouzas na cidade de Vigo, para o financiamento de actuacións de rehabilitación de vivendas dentro do marco da normativa de axudas estatais e autonómicas e do convenio subscrito entre a Comunidade Autónoma de Galicia e o Ministerio da Vivenda e informando a concesión a este Concello de 27 actuacións.*

- *No artigo 48 do R.D. 2066/2008 de 12 de decembro , polo que se regula o Plan estatal de vivenda e rehabilitación establécense que as subvencións poderan ser por Area de rehabilitacion de Centro Histórico ou por Area de Rehabilitacion Integral entre outras modalidades. No art. 46 punto 2 establecense as caracteristicas e condicións específicas que deben cumplir as areas de rehabilitacion de conxunto histórico que son: a) heber sido declarado como tal (conxunto historico), o tener al menos expediente incoado al efecto, según la legislacion estatal o autonomica. E b) contar con un plan especial de conservacion protección y rehabilitacion, o figura similar establecida por las Comunidades autonomas...., y que cuente al menos con la aprobacion inicial en el momento de la solicitud.*

- *No caso do Barrio Histórico de Bouzas, en efecto, foi solicitada a declaración do Barrio Histórico de Bouzas como Bien de Interes Cultural con categoria de Conxunto historico expedeinte (Exp*

*8186-411), que cumpririase o Art. 46 punto 2, letra a) pois a letra b) do mesmo punto esta xustificada pola aprobacion do PEPRI en data 30.09.2002 polo Pleno do Concello de Vigo e publicado o BOP nº216 do 11.11.2002. sendo esta circunstancia a que levou a tramitar as axudas do PV 2005-2008 como Area de Rehabilitación de Conxunto histórico (convenios 27.04.06, 23.04.07, 08.11.08 e 04.12.08).*

- *En data de 18/11/2009 tomase coñecemento nesta Oficina de rehabilitación que o expediente de solicitude de Declaración do Barrio Histórico de Bouzas como Bien de Interes Cultural con categoria de Conxunto historico expedeinte (Exp 8186-411) foi reixeitado pola autoridade competente e recurrido pola Xerencia de urbanismo, sen exito. Ante esta circunstancia comunicanos desde a IGVS que é preciso modificar as memorias propostas de actuación e os obxectivos 2010 ao aberio do novo Plan Vibvenda 2009-2012 axustados á categorida actual do Barrio histórico de Bouzas sendo pois ésta a de Área de rehabilitación integral.*

- *Segundo o convenio de Colaboración, entre o Ministerio da Vivenda e a Comunidade Autónoma de Galicia, para a aplicación do Plan estatal de Vivenda e rehabilitación 2009-2012, publicado en data 20.07.09, e segundo a circunstancia antes referida será de aplicación por tanto o punto 6.3 referido "a promotores en Areas de rehabilitación integral en barrios degradados y centros urbanos con carácter complementario a las ayudas previstas en el real decreto 2066/2008 de 24 de decembro, art. 48 punto 6. Establecese pois segundo o referido art. que a subvención da Comunidade Autónoma en materia de rehabilitación será ata o 40% do orzamento protexido da rehabilitación de edificios e vivendas sen que a subvención media exceda de 5.000 euros por vivenda, e ata o 20 % do custo das operacións de urbanización e reurbanización sempre que non exceda do 20% da subvención de rehabilitación e as aportacións medias máximas do Ministerio de Fomento- segundo esta lexislación- será ata o 40% do custo total de rehabilitación de edificios e vivendas cunha contía máxima de 5.000 euros, e ata o 20 % do custo das operacións de urbanización e reurbanización sempre que non exceda do 20% da subvención de rehabilitación, para os casos de areas de rehabilitacion integral.*

- *Inclúense actuacións complementarias de urbanización e reurbanización como en convenios anteriores para acometer por parte do Concello de Vigo. A proposta inicial correspóndese coas obras previstas de reurbanización da Praza D. M Santos no Barrio Histórico de Bouzas.*

- *A contía máxima que aportaría o Ministerio da Vivenda para obras de urbanización e reurbanización, é de 27.000 euros (20%). A contía máxima que aportaría a Xunta de Galicia é de 27.000 euros (20%), polo que para recibir a subvención máxima dos dous organismos, a cantidade de aportación municipal será de 81.000 euros (60%) segundo as porcentaxes fixadas no R.D. 2066/2008 de 12 de decembro e o estipulado no Convenio de colaboración entre o Ministerio da Vivenda e a Comunidae Autonoma recollido na Resolución do 3 de xullo da Subsecretaria do Ministerio da Vivenda publicada no BOE nº 174 de 20 de xullo e D402/2009 de 22 de outubro, (DOG nº 05.11.2009).*

- *Segundo a Memoria programa solicitada en data 29 de setembro de 2009 pola comunicación do Instituto Galego da Vivenda e Solo, adscrito á Conselleria de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras para os obxectibos 2010 da Área de Rehabilitación, agora Area de rehabilitación Integral do Casco vello de Bouzas na cidade de Vigo, para o financiamento de actuacións de rehabilitación de vivendas dentro do marco da normativa de axudas estatais e autonómicas e do convenio subscrito entre a Comunidade Autónoma de Galicia e o Ministerio da Vivenda e informando a concesión a este Concello de 27 actuacións coa seguinte distribución para AREA DE REHABILITACION IN-*

*TREGRAL : Ministerio da Vivenda: (25%) 135.000 euros; Xunta de Galicia (25%) 135.000 euros; particulares: (50%) 270.000 euros*

*II. PROPOSTA DE ACORDO*

*Polo exposto anteriormente, proponse,*

*PRIMEIRO.- Que se inicien os trámites necesarios para anular as certificacions dos acordos asinados data 13 de outubro de 2009 e rectificados en data 4 de novembro de 2009 emitidos pola Secretaria da Xunta de Goberno local referidos aos programas memorias de actuacion obxectivos 2010 para casco vello de Bouzas FASE 7ª como area de rehabilitacion de Conxunrto historico*

*SEGUNDO.- Que se inicien os trámites necesarios para que podan quedar incluidas as actuacións en obras de rehabilitación e de urbanización e reurbanización , dentro da Memoria Programa de Rehabilitación do Casco vello de Bouzas-Fase 7 obxectivos 2010 que se axunta como AREA DE REHABILITACION INTEGRAL como obras subvencionables polo Ministerio da Vivenda a Comunidade autonoma coa seguinte distribución:*

| | *COSTE ACTUA-CION* | *APORTA-CION MINISTERIO* | *APORTA-CION XUNTA* | *APORTA-CION CONCELLO* | *APORTACION PARTICULA-RES* |
|---|---|---|---|---|---|
| *REHABILITACIÓN* | *540.000* | *135.000* | *135.000* | | *270.000* |
| *REURBANIZA-CION* | *135.000* | *27.000* | *27.000* | *81.000* | |
| *TOTAL* | *675.000* | *162.000* | *162.000* | *81.0000* | *270.000* |
| *%* | *100%* | *24%* | *24%* | *12%* | *40%* |

*TERCEIRO.- Que se emitan as correspondentes certificacións acreditativas da aprobación das aportacións do Concello de Vigo para o financiamente das actuacións sinaladas.*

Acordo
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**49(1695).- CONVENIO DE ACTUACIÓN E REHABILITACIÓN ENTRE A COMUNIDADE AUTÓNOMA-IGVS E O CONCELLO DE VIGO. OBXECTIVOS 2009, FASE 6ª BOUZAS. PLAN VIVENDA 2009-2012. EXPTE. 442/431.**
A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, do 19.11.09, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, que di o seguinte:

*I. FEITOS/ANTECEDENTES*

- *En data 26.02.2004 asínase o convenio de colaboración entre o IGVS e o Concello de Vigo en materia de actuacións na "Área de Rehabilitación Integrada" (ARI) do Barrio Histórico de Bouzas, correspondente á fase1ª, e en datas 27.04.06, 23.04.07, 08.11.08 e 04.12.08 as Fases 2ª, 3ª, 4ª e 5ª*

*respectivamente para actuacións de rehabilitación de conxuntos históricos de Bouzas seguno o Art. 51 do RD 801/2005 de 1 de xullo,*

- *En data 30.09.02 o pleno do Concello aproba o Pepri do barrio historico de Bouzas que se publica no B.O.P. o 26.11.02*

- *En data 30.03.09 o Alcalde –presidente do Concello de Vigo a requeremento dos convenios asinados declara a vontade do Concello de Vigo de acollerse ao Programa de axudas a instrumentos de información e xestión do Plan Vivenda e rehabilitación 2009-2012*

- *En data 29 de setembro de 2009 recíbese unha comunicación do Instituto Galego da Vivenda e Solo, adscrito á Conselleria de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras solicitando Memoria programa par os obxectibos 2009 da Área de Rehabilitación do Casco vello de Bouzas na cidade de Vigo, para o financiamento de actuacións de rehabilitación de vivendas dentro do marco da normativa de axudas estatais e autonómicas e do convenio subscrito entre a Comunidade Autónoma de Galicia e o Ministerio da Vivenda e informando a concesión a este Concello de 23 actuacións.*

- *No artigo 48 do R.D. 2066/2008 de 12 de decembro , polo que se regula o Plan estatal de vivenda e rehabilitación establécense que as subvencións poderan ser por Area de rehabilitacion de Centro Histórico ou por Area de Rehabilitacion Integral entre outras modalidades. No art. 46 punto 2 establecense as caracteristicas e condicións específicas que deben cumplir as areas de rehabilitacion de conxunto histórico que son: a) heber sido declarado como tal (conxunto historico), o tener al menos expediente incoado al efecto, según la legislacion estatal o autonomica. E b) contar con un plan especial de conservacion protección y rehabilitacion, o figura similar establecida por las Comunidades autonomas...., y que cuente al menos con la aprobacion inicial en el momento de la solicitud.*

- *No caso do Barrio Histórico de Bouzas, en efecto, foi solicitada a declaración do Barrio Histórico de Bouzas como Bien de Interes Cultural con categoria de Conxunto historico expedeinte (Exp 8186-411), que cumpririase o Art. 46 punto 2, letra a) pois a letra b) do mesmo punto esta xustificada pola aprobacion do PEPRI en data 30.09.2002 polo Pleno do Concello de Vigo e publicado o BOP nº216 do 11.11.2002. sendo esta circunstancia a que levou a tramitar as axudas do PV 2005-2008 como Area de Rehabilitación de Conxunto histórico (convenios 27.04.06, 23.04.07, 08.11.08 e 04.12.08).*

- *En data de 18/11/2009 tomase coñecemento nesta Oficina de rehabilitación que o expediente de solicitude de Declaración do Barrio Histórico de Bouzas como Bien de Interes Cultural con categoria de Conxunto historico expedeinte (Exp 8186-411) foi reixeitado pola autoridade competente e recurrido pola Xerencia de urbanismo, sen exito. Ante esta circunstancia comunicanos desde a IGVS que é preciso modificar as memorias propostas de actuación e os obxectivos 2009 ao aberio do novo Plan Vibvenda 2009-2012 axustados á categorida actual do Barrio histórico de Bouzas sendo pois ésta a de Área de rehabilitación integral.*

- *Segundo o convenio de Colaboración, entre o Ministerio da Vivenda e a Comunidade Autónoma de Galicia, para a aplicación do Plan estatal de Vivenda e rehabilitación 2009-2012, publicado en data 20.07.09, e segundo a circunstancia antes referida será de aplicación por tanto o punto 6.3 referido "a promotores en Areas de rehabilitación integral en barrios degradados y centros urbanos con carácter complementario a las ayudas previstas en el real decreto 2066/2008 de 24 de decem-*

*bro, art. 48 punto 6. Establecese pois segundo o referido art. que a subvención da Comunidade Autónoma en materia de rehabilitación será ata o 40% do orzamento protexido da rehabilitación de edificios e vivendas sen que a subvención media exceda de 5.000 euros por vivenda, e ata o 20 % do custo das operacións de urbanización e reurbanización sempre que non exceda do 20% da subvención de rehabilitación e as aportacións medias máximas do Ministerio de Fomento- segundo esta lexislación- será ata o 40% do custo total de rehabilitación de edificios e vivendas cunha contía máxima de 5.000 euros, e ata o 20 % do custo das operacións de urbanización e reurbanización sempre que non exceda do 20% da subvención de rehabilitación, para os casos de areas de rehabilitacion integral.*

- *Inclúense actuacións complementarias de urbanización e reurbanización como en convenios anteriores para acometer por parte do Concello de Vigo. A proposta inicial correspóndese coas obras previstas de reurbanización da rua Cruceiro Vello no Barrio Histórico de Bouzas.*

- *A contía máxima que aportaría o Ministerio da Vivenda para obras de urbanización e reurbanización, é de 23.000 euros (20%). A contía máxima que aportaría a Xunta de Galicia é de 23.000 euros (20%), polo que para recibir a subvención máxima dos dous organismos, a cantidade de aportación municipal será de 69.000 euros (60%) segundo as porcentaxes fixadas no R.D. 2066/2008 de 12 de decembro e o estipulado no Convenio de colaboración entre o Ministerio da Vivenda e a Comunidae Autonoma recollido na Resolución do 3 de xullo da Subsecretaria do Ministerio da Vivenda publicada no BOE nº 174 de 20 de xullo e D402/2009 de 22 de outubro, (DOG nº 05.11.2009).*

- *Segundo a Memoria programa solicitada en data 29 de setembro de 2009 pola comunicación do Instituto Galego da Vivenda e Solo, adscrito á Conselleria de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras para os obxectibos 2009 da Área de Rehabilitación, agora Area de rehabilitación Integral do Casco vello de Bouzas na cidade de Vigo, para o financiamento de actuacións de rehabilitación de vivendas dentro do marco da normativa de axudas estatais e autonómicas e do convenio subscrito entre a Comunidade Autónoma de Galicia e o Ministerio da Vivenda e informando a concesión a este Concello de 23 actuacións coa seguinte distribución para AREA DE REHABILITACION INTREGRAL : Ministerio da Vivenda: (25%) 115.000 euros; Xunta de Galicia (25%) 115.000 euros; particulares: (50%) 230.000 euros*

## *II. PROPOSTA DE ACORDO*

*Polo exposto anteriormente, proponse,*

*PRIMEIRO.- Que se inicien os trámites necesarios para anular as certificacions dos acordos asinados data 13 de outubro de 2009 e rectificados en data 4 de novembro de 2009 emitidos pola Secretaria da Xunta de Goberno local referidos aos programas memorias de actuacion obxectivos 2009 para casco vello de Bouzas FASE 6ª como area de rehabilitacion de Conxunto histórico*

*SEGUNDO.- Que se inicien os trámites necesarios para que podan quedar incluidas as actuacións en obras de rehabilitación e de urbanización e reurbanización , dentro da Memoria Programa de Rehabilitación do Casco vello de Bouzas-Fase 6 obxectivos 2009 que se axunta como AREA DE REHABILITACION INTEGRAL como obras subvencionables polo Ministerio da Vivenda a Comunidade autonoma coa seguinte distribución:*

| | *COSTE ACTUACION* | *APORTACION MINISTERIO* | *APORTACION XUNTA* | *APOR-TA-CION* | *APORTACION PARTICU-* |
|---|---|---|---|---|---|

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | *CONCELLO* | *LA-RES* |
| *REHABILITACIÓN* | *460.000* | *115.000* | *115.000* | | *230.000* |
| *REURBANIZA-CION* | *115.000* | *23.000* | *23.000* | *69.000* | |
| *TOTAL* | *575.000* | *138.000* | *138.000* | *69.0000* | *230.000* |
| *%* | *100%* | *24%* | *24%* | *12%* | *40%* |

*TERCEIRO.- Que se emitan as correspondentes certificacións acreditativas da aprobación das aportacións do Concello de Vigo para o financiamente das actuacións sinaladas.*

Acordo
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**50(1696).- ROGOS E PREGUNTAS**.
Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e viente e dous minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.